

anda!na

60

revista galega de pensamento feminista
1/2012 prezo: 7 euros



- 03 Editorial**
- 04 Denuncias e comentarios**
- 10 Mulleres galegas en loita polos nosos dereitos**
Zélia Garcia
- 12 Hai futuro para as políticas de igualdade?**
Alba Alonso Álvarez
- 16 15M12M: Un ano erguendo ilusións**
Zélia Garcia
- 20 Marine Le Pen: A vella onda en océano revolto**
Laura Gómez Lorenzo
- 23 Hannah Wilke: A Venus/Narciso/feminista**
Renata Otero
- 28 A maternidade no III MUFEST**
Iria Vázquez Estévez
- [LEMBRANZAS] **32 Olga, nai de oito fillos**
Sandra Hernández Blanco
- [LIBROS] **34 *Yo maté a Sherezade: Confesiones de una mujer árabe furiosa* / Youmana Haddad**
Yasmina Romero Morales
- 37 *Morgana en Esmelle* / Begoña Caamaño**
Patricia Arias Chachero
- [FILMES] **38 *Zambie: a qui profite le cuivre ? (Zambia: quen tira partido do cobre?)* / Audrey Gallet e Alice Odiot**
Laura Gómez Lorenzo

Revista Galega de Pensamento Feminista
Primeiro semestre, 2012
Apdo. 1058 Santiago de Compostela
www.andainamulleres.org
andaina@andainamulleres.org

Consello de redacción

Nadia Álvarez Fernández
Ana Arellano
Patricia Arias Chachero
Celia Balboa Guerra
Zélia Garcia
Laura Gómez Lorenzo
Pilar Pérez Rey
Saleta de Salvador
Nanina Santos
Iria Vázquez
Estrela Villaverde

Colaboran neste número

Zélia Garcia
Alba Alonso Álvarez
Laura Gómez Lorenzo
Renata Otero
Iria Vázquez Estévez
Sandra Hernández Blanco
Yasmina Romero Morales
Patricia Arias Chachero
Felicía Estévez Salazar

Fotografía de portada: Zélia Garcia

Deseño gráfico: Uqui IIIII Cebra

Imprime: Grafisant, S.L.

D.L.: C-1.146-88

A tradución dos artigos «Entrevista a una representante de CAVIDA (Comunidades de Autodeterminación, Vida e Dignidade)» de Aida I. de Prada e «Magdalenas: gritos estéticos para a revolución» de Manuela Acereda e Aida I. de Prada, publicados no núm. 59, é de Felicia Estévez Salazar

Son estes *malos tempos para a lírica* cando o futuro que se nos presenta é un camiño de retroceso. Cuns gobernos de ideoloxía conservadora tanto no Estado como en Galicia e cunha xestión da crise económica baseada case exclusivamente no recorte do gasto público e dos beneficios sociais, os avances das mulleres tanto na procura da igualdade como na súa autonomía están en claro perigo.

Polo que respecta ao terreo laboral, se ben a taxa de paro feminino no pasado ano se situou só un punto por riba da masculina (23,32 %, fronte ao 22,46 % dos homes) as expectativas para elas son bastante peores. A taxa de actividade das mulleres (todas as que traballan ou buscan traballo) crece ano a ano mentres a dos homes decrece, pero as mulleres son maioría nos contratos precarios e cobran menos. Na actualidade o nivel de formación das mulleres é maior que o dos homes, aínda que isto tampouco se traduce en mellores expectativas, porque mentres que as mulleres son minoría entre as persoas paradas con baixa formación, entre as que teñen carreira universitaria o paro feminino é un 30 % maior. O salario medio anual dos homes supera nun 42 % ao das mulleres e a pensión media nun 32 %. As mulleres son máis do triplo nos contratos a tempo parcial e tamén nestes casos o seu salario medio por hora é menor, un 76 % do dos homes.

Partimos pois dunha peor situación, pero ademais os recortes nos orzamentos e a reforma laboral que se impuxeron desde os chamados *mercados*, aínda que á vista está que non van servir para sacarnos da crise, si que van ter unha dobre incidencia negativa no traballo das mulleres. Por unha parte, porque calquera recorte en servizos como a sanidade, a educación ou os servizos sociais se ceba sobre todo co emprego feminino, maioritario nestes sectores, e por

outra, porque estes recortes van dificultar, aínda máis, a situación laboral das mulleres, xa que é sobre elas principalmente sobre as que recaen os labores de coidado de menores, enfermos e maiores dentro das familias. E ao recorte nos orzamentos hai que sumar as consecuencias dunha reforma laboral que permite ao empresario fixar unilateralmente

editorial

a xornada de traballo, a flexibilidade en quendas e horarios, as condicións de traballo e a mobilidade xeográfica, o que vai afectar negativamente á conciliación da vida laboral e familiar. E moi especialmente as traballadoras embarazadas e nais. Baste sinalar que unha das causas de despido é faltar nove días en dous meses por problemas de saúde, aínda que estas ausencias estean xustificadas. Non computan as baixas por maternidade ou por risco no embarazo, pero, ao non especificar máis, suponse que si computan todos os controis prenatais necesarios, como analíticas, ecografías e outras probas rutineiras, e, por suposto, tamén haberá que esquecerse de pedir permiso para levar ao fillo ao médico ou quedar con el se está enfermo.

E con este panorama o señor Gallardón atreveuse a dicir que as mulleres abortan porque hai unha «violencia estrutural» que as empurra a facelo para evitar, por exemplo, ser despedidas por estar embarazadas ou que «a liberdade da maternidade é o que fai autenticamente muller á

muller». Semellantes saídas de ton, que darían para facer chanza se quen as dixese non fose precisamente o ministro de Xustiza, son unha mostra da ideoloxía ultraconservadora e machista dos nosos gobernantes.

Coa volta atrás na lexislación da interrupción voluntaria do embarazo, que volverá ser considerada un delito salvo en determinados supostos, non se pretende evitar ou diminuír o número de abortos, pois está claro que non aumentaron coa lei de prazos, senón simplemente quitar-nos ás mulleres o dereito a decidir libremente e que sexan novamente os médicos ou os xuíces os que teñan a última palabra.

As causas polas que unha muller decide interromper o embarazo poden ser moitas e todas son válidas e ata pode que teña razón o señor ministro cando di que o medo a perder o emprego ou as dificultades económicas están detrás de moitas destas decisións, pero nin os recortes en servizos sociais nin a reforma laboral axudan ás mulleres que queren ser nais. Máis ben todo o contrario. Así que se quere falar de «violencia estrutural» debería tamén sinalar ao seu Goberno como un dos causantes desta violencia.

O dereito a decidir sobre o noso corpo ten sido unha das loitas máis continuadas e activas do movemento feminista. Seguimos nela, non podemos descoidarnos, son estes *malos tempos para a lírica*.

A crise tamén afecta a esta revista e, ante o incremento de custes e a falta de subvencións, vémonos na necesidade de incrementar o prezo e pasar a unha periodicidade semestral, en todo caso e para cumprir o compromiso deste ano coas subscritoras temos intención de que o seguinte número sexa un especial dobre. ■

denuncias e comentarios

Gerardo Conde Roa, *o breve ou o embarazado*, finalmente tivo que dimitir como alcalde da cidade de Compostela, xa que se destapou a escandaleira do seu fraude á Facenda, cousa que xa se sabía cando optaba nas eleccións municipais á alcaldía, mais non impediu que os seus correligionarios de todo rango –con Feijoo á cabeza– o apoiasen. Facenda acúsao de apropiarse de 291.000 € correspondentes ao IVE da venda de 61 vivendas.

Protagonizou toda clase de excesos e rarezas: ameazas a colectivos culturais, ao iluminador dunha ópera porque non lle gustaban os seus *guiños* ao movemento 15M, a súa particular repugnancia a Leo Bassi (aínda que non conseguiu impedirle actuar na «súa» cidade) e outros etcéteras.

O seu substituto non deixa de compartir as políticas do PP, porén non é o «rexidor-bomba» que titulaba *El País*. ■

Bispo de Córdoba, bispo de Alcalá, Rouco Varela, o xefe dos bispos españois... A xerarquía da Igrexa católica salta seguido á primeira plana das noticias polas súas declaracións, polo seu fundamentalismo, polas ideas tan afastadas das leis do país no que viven e por ser máis papista có papa.

Están seguido a falar de sexo, en calquera das súas variantes. Non hai para eles, peor mal que o sexo nin pecado máis horrendo. Nunca se lles escoita falar doutra cousa –agás algunha notable excepción–. Todos os mandamentos da súa Igrexa, para eles, resúmense nun, ese, que por suposto non inclúe a pederastia dos seus sacerdotes. A corrupción, os saqueos, os roubos (incluídos os roubos de nenos e nenas), a usura..., diso nada. A mentira, a maledicencia, a difamación..., nada, e así até onde se queira. Que Igrexa tan caritativa e tan preocupada polo país e polos seus fieis e os seus fans! Onde e con quen se licenciaron en sexo? Que é exactamente o que saben disto e por que o saben? ■



Hai vida fóra dos mercados? Por que os mercados son os que nos gobernan? Para que está o poder político se é *a voz do seu amo* e non quere decidir nada *en contra* dos mercados?

Se non fan máis cousa que obedecer as súas instrucións, para que pagar tamaña cantidade de representantes? Ademais a nós non nos representan e só representan unha ultraminoría que non se somete a ningunha elección, a ningunha auditoría, a ningunha das regras de convivencia nin vida colectiva.

As doutrinas económicas neoliberais entraron nas constitucións para impedir que os gobernos controlen os mercados. Logo, de que estamos a falar? Do asalto á democracia, pura e lisamente, por parte das elites. Outro nome para *mercados*, que se entende mellor e resulta menos eufemístico, menos neutro, menos aséptico é o de poder financeiro.

Interesante e esclarecedor o ensaio de Gerardo PISARELLO: *Un largo Termidor: La ofensiva del constitucionalismo antidemocrático*, Trotta, 2011. Nel analiza o progresivo baleiramento de elementos democráticos nas constitucións a partir da posguerra. ■

Diana Taurasi xa se converteu nunha estrela do firmamento feminista. Seguramente sen ela o pretender.

A Federación Internacional de Baloncesto (FIBA) decidiu en 2011 cambiar o uniforme de xogo das deportistas de baloncesto: pantalón máis axustado e máis curto, «máis feminino».

Taurasi, de 29 anos, baloncestista estadounidense do Galatasaray turco negouse e plantou cara á decisión da FIBA.

As multas que lle caen por non vestir como di o regulamento ascenden a 500 € por partido. Taurasi acumula unha débeda ben boa que nos axuda a entender a forza da súa decisión e da loita que encabeza.

Ela non está soa, a Asociación de Xogadoras de Baloncesto (AJUB) tampouco comparte a posición da FIBA. Rexeitou nos comezos de xaneiro esta norma, porque «supón recoñecer unha mentalidade caduca e irrespectuosa cara a unhas profesionais ás que se quere mediatizar polo atractivas que poidan ser para uns espectadores máis preocupados pola exhibición duns corpos que por seguir a xogada na pista».

Nesta lide, na que non sobran os apoios a Taurasi, tamén hai quen pide a dimisión de Patrick Bauman, o director xeral da FIBA. ■



denuncias e comentarios

Se queredes saber en mans de quen estamos, podedes ir facendo un mapa na casa cos nomes e as carreiras de todos os que se sitúan á fronte das institucións financeiras internacionais –e tamén de aquí– que toman esas maravillosas decisión para o noso ben.

Podedes empezar por Mario Draghi, desde novembro de 2011 presidente do Banco Central Europeo. Neste caso coa biografía que atopamos na Wikipedia xa non precisamos máis nada, hai abondo.

E así podedes ir construíndo os fíos de seda que atan e tecen esta mesta rede endogámica de tiburonzos que comen países, afúndennos na pobreza, liquidan servizos públicos..., como xa fixeron na América Central e na América do Sur desde os anos sesenta.



Non deixedes de ver *Inside Job*. Cantas máis veces, mellor, para fornecer a raiba, o cabreo, o sentimento de indignación e de humillación. Seguro que con eses sentimentos podemos facer algo. E non esquezades tam-

pouco consultar os seus soldos, as primas e comisións e os contratos blindados para cando deixen os cargos. Aquí podedes empezar por Cristine Lagarde (551.700 dólares anuais libres de impostos + pensión vitalicia + poderá realizar os gastos que lle pete sen necesidade de xustificalos) ou por Rodrigo Rato (gañou en

2011 nada menos que 2.340.000 € en retribucións fixas, a parte variable do salario descoñecémola). E... que se leva por deixar a Bankia *arranxadiña*?

Como temos podido chegar aquí? Onde estabamos mentres eles, cáseque sempre eles, non perdían o tempo? ■

Eric J. Tepe, botánico da Universidade estadounidense de Utah rescatou para a ciencia a memoria dunha das primeiras mulleres francesas que ousou entrar no pechado e machista mundo académico no século XVIII. E fixo dando o nome científico de *Solanum beretiae* a unha planta descuberta por el, planta endémica de certos puntos do sur de Ecuador e o norte de Perú que medra oculta no sotobosque. Este científico ratificou, nunha viaxe a Perú e Ecuador, que a *Solanum beretiae* era unha nova especie e reparou nas súas follas, que nun mesmo exemplar podían cambiar moito. Esta variación pareceulle un reflexo da personalidade de Baret, que, ao igual que a planta, reunía calidades aparentemente contraditorias: «Unha muller vestida de home, unha botánica nun mundo dominado por homes e unha humilde muller que viaxou máis lonxe que moitos aristócratas».

Tepe, descubriu a figura de Jeanne Baret, practicamente ausente da historia da ciencia francesa, ao escoitar nunha entrevista á estadounidense Glynis Ridley, autora da biografía *El descubrimiento de Jeanne Baret. Un relato sobre ciencia, océano y sobre la primera mujer que dio la vuelta al globo*, e a historia de Jeanne Baret pareceulle excitante. «Pensei que Baret merecía un recoñecemento, así que contactei con Ridley para proporlle nomear esta nova especie na súa honra e emendar así, en parte, esta amnesia histórica», porque, como conta Ridley, a diferenza de Commerson, cuxo apelido dá nome a setenta especies descubertas durante esta travesía, o nome de J. Baret non quedou impreso en ningunha planta, malia a súa notable achega na expedición.



Jeanne Baret, vestida de mariñeiro, segundo un retrato de 1817, posterior á súa morte

De extracción moi humilde, Baret decidiu disfrazarse de varón para embarcar na aventura científica máis ousada da época xunto ao recoñecido botánico Philibert Commerson como o seu asistente na primeira circunnavegación francesa do mundo, a expedición de Bougainville, que provocou un salto cualitativo nos coñecementos xeográficos e biolóxicos.

En febreiro de 1767, un tal Jean Barré subiu a bordo do buque *L'Etoile* con 120 homes. Desde 1689, unha ordenanza real castigaba con severas penas que podían chegar á morte, a toda muller que se enrolase a bordo dun buque baixo pavillón real. Deste xeito,

Jeanne encontrouse upada entre o mellor dos astrónomos, cartógrafos, enxeñeiros, naturalistas, debuxantes e escritores da época, para un periplo planetario baixo unha identidade simulada coa que debería soportar os tres anos que duraría a travesía.

En palabras de Tepe, «Debeu de ser unha muller admirable e valente. A historia retrátala como pouco máis que a amante de Commerson, pero grazas a Glynis, sabemos que era unha gran botánica e exploradora e que a súa achega merece ser recoñecida». A metade de travesía, Commerson enfermou gravemente e Baret fíxose cargo de gran parte do traballo, que se resume na primeira descrición da vide e a recolección de seis mil especies que hoxe descansan no Museo de Historia Natural de Francia. Foi a primeira muller en circunnavegar o planeta, porén «Baret non se disfrazou de home para dar a volta ao mundo, o seu era encontrar plantas», di Ridley. ■

denuncias e comentarios



Dolores Galovart

Ás veces, raras e curiosas, algún, mellor algunha, representante institucional dimite. É o caso de Dolores Galovart, segunda vicealedora do

Pobo que de seguro se avergoñou polo Informe Anual do Valedor do Pobo sobre a Lei de Dependencia. Enviou carta comunicando a súa decisión por ter unha opinión completamente diferente a do gran Benigno López. Dolores Galovart, xuíza, levaba a área de dependencia e servizos sociais desde 2008 e fora proposta polo PSG-PSOE para o cargo en 2005.

Mentres, ese Valedor fixo semellante informe oficial, 24.951 dependentes recoñecidos en Galicia non cobran prestación nin reciben o servizo asignado; reciben servizos 35.807, e a esas dúas cifras hai que sumar 30.000 máis que solicitaron acollerse ás prestacións. ■

Beck Laxton e Kieran Cooper, unha parella de Swaston, en Cambridshire, Reino Unido, decidiron non revelar o sexo da súa crianza até que se viron na obriga de o facer cando ingresou na escola, daquela xa tiña 5 anos.

Beck, a nai, unha xornalista dixital, non quixo coñecer o sexo do seu bebé. Quería evitar todo estereotipo e nada soubo até media hora despois do parto. Este bebé, de nome Sahsa, usou alternativamente roupas consideradas masculinas e femininas, o que deixaba desconcertados os familiares. Tamén se entretíña con xoguetes *sen-xénero*.


Non hai moito tempo coñeceuse o caso doutra parella canadense formada por Kathy Witterick e David Sttoker que lle puxo ao seu bebé Storm e crecería sen sexo, pois, segundo eles declararon ao *Times*, o sexo dunha criatura non debería determinar o seu posto no mundo. Así que cando Storm naceu anunciaron aos seus achedados que «en homenaxe á liberdade de elección contra toda limitación», non anunciarían o sexo do seu bebé. O pai, David Sttoker, falou de tomar posición a prol do mundo de Storm, que pode encontrar na vida un lugar máis progresista.

Haberá quen os acuse de chalados, pero outras persoas precursoras transitaron en solitario camiños difíciles que abriron portas a miles que os gozaron despois. ■

Vicente Soriano, investigador do hospital Carlos III de Madrid, fixo unha chea de investigacións sobre o VIH sen o coñecemento nin a autorización das persoas enfermas.

A falta, que se considera moi grave, mereceu a sanción de 216,00 €, mais quedou en suspenso, porque don Vicente recorreu ao Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, que anda a estudar o caso.

Será certo que este señor que infrinxe tales normas (pedir autorización ao Ministerio de Sanidade para ensaios clínicos e, por suposto, pedir autorización aos doentes) declaraba cousas así en 2008? En novembro publicaba unha guía na que afirmaba, por exemplo, que a homosexualidade é «unha alteración condutual», a masturbación «deteriora a grandeza da sexualidade humana» e que «para previr o contaxio da SIDA o mellor é a castidade». ■



A chegada do Partido Popular ao Goberno central está significando un grave retroceso nos dereitos á saúde sexual e reprodutiva. Aínda que non se concretaron as medidas, o ministro de Xustiza reiteraba nun discurso que a maternidade sexa o destino obrigado e central de todas as mulleres, á marxe da súa decisión, e no que anuncia a derogación da LO 2/2010 de Salud Sexual y Reproductiva y de Interrupción Voluntaria del Embarazo, para volver a unha despenalización parcial do delito de aborto en determinados supostos. Ás declaracións de Gallardon engádense ás da ministra de Sanidade anunciando a súa intención de revisar a expedición sen receita da píldora poscoital e de excluír da carteira básica de servizos as interrupcións voluntarias do embarazo deixando estas de ser gratuítas. ■

Dívar, Baltar e Rato, outras vergoñas máis para ese listado interminable de cargos públicos, políticos, banqueiros e outros conseguidores que traballan o patio de Monipodio. Pode consultarse D. Miguel de Cervantes en *Rinconete y Cortadillo*. ■

denuncias e comentarios

Coas declaracións de Obama o 9 de maio de apoio ao matrimonio homosexual, a campaña electoral está pegando un xiro radical.

As comunidades gays vólcanse na campaña e os sectores partidarios da súa legalización buscan fondos, tamén, para apoialo á presidencia.

Obama xa dera un paso sonado en 2010 cando o seu Goberno acordou non defender unha lei federal apoiada por Bill Clinton que definía o matrimonio como a unión entre un home e unha muller, e anulou outra que prohibía a presenza de homosexuais nas Forzas Armadas.

Os sectores ultrarrelixiosos de calquera das confesións ven ocós por aquí para tentar arrebatarlle electorado entre os latinos e os negros máis inclinados a este candidato aínda que máis conservadores en asuntos morais e relixiosos.

A esquerda está entusiasmada e considera valente a medida que aínda carece de concrecións.

Sería do mellor que os EE. UU. de Norteamérica aprobase en Lei Federal os matrimonios homosexuais. Xa non, só sete ou oito estados que o permitan e tres que están pendentes disto ou daquilo fronte a eses corenta e un que o teñen prohibido.

O efecto chamada ou o valor do exemplo cundiría e axudaría extraordinariamente a normalizar a existencia gai, os seus dereitos, e unha convivencia máis rica e multicolor, como a bandeira que os representa.

Nesta tarefa, algunhas series da televisión teñen contribuído, e seguen a facelo, á normalidade gai, desde o primeiro personaxe explicitamente gai aparecido en pantalla (1971, *Todo en familia*), pasando por Ellen DeGeneres na serie *Ellen* (1994-1998) saíndo do armario a berros a través dun altofalante nun aeroporto, até as series *Friends* (1994-2004), *Frasier* (1993-2004) ou a exitosa serie



de comedia *Will & Grace* (1998-2006), con dous protagonistas gays e que abriu a porta a series posteriores como *Sexo en Nova York* (1998-2004) ou as series corais *Glee* ou *Modern Family* (estreadas en 2009), con varios protagonistas homos. Iso si, con relacións monógamas. En calquera caso, dun xeito ben distante de como o cine dos anos corenta a setenta deixa entrever os homosexuais, a súa existencia, que tan maravillosamente conta o documental *Celuloide oculto*.

E, como non dicilo, no Estado de California desde abril de 2011, por disposición do seu Senado, nas escolas públicas vai ser de ensino obrigado a historia do colectivo gai (entrará en vigor no curso 2013-2014); a traxectoria de Milk, activista polos dereitos homosexuais asasinado en 1978, terá que estudarse como parte dos dereitos humanos. Nada mellor para celebrar o próximo 28 de xuño.

Aquí, grazas ao PP, temos no Tribunal Constitucional a Lei que legalizara os matrimonios gays e xa veremos en que para a cousa. E vemos como da xa descafeinada *Educación para a Cidadanía*, por conta de bispos e outros parecidos do PP, sae fóra a existencia homosexual. Un bonito tema para loitar, tamén, este 28 de xuño. ■



Einstein (Ulm, Alemaña, 14 de marzo de 1879 - Princeton, Estados Unidos, 18 de abril de 1955), o gran físico alemán de orixe xudía, nacionalizado logo suízo e estadounidense, e considerado como o científico máis importante do século XX, tiña unhas curiosas teorías sobre as mulleres. Entre outras, consideraba que as mulleres non tiñan aptitude para a ciencia por non seren

creativas. Como María Curie (Marie Salomea Skłodowska Curie, Varsovia, Polonia, 7 de novembro de 1867 - Passy, Francia, 4 de xullo de 1934), a quen, por certo, el admiraba moito, erguía daquelas unha estatura descomunal no ámbito científico, considerábaa unha excepción á regra. Pero a súa admiración non lle impediu laretar cun amigo sobre ela nestes termos: «Non é suficientemente atractiva para ser perigosa para quen queira que sexa».

Seguir o fio da súa relación con Mileva Marić (1875 - 1948), matemática serbia e a súa primeira muller—quen participou na primeira etapa da súa teoría e a quen el xamais mencionou—, dá todas as claves da súa fondísima misoxinia. Un prexuízo do que nunca tivo interese en cobrar conciencia. ■

Os alardes mixtos de Irún e Hondarribia recibirán o Premio Emakunde á Igualdade. O xurado salienta o seu labor pacífico de máis de quince anos a favor de que se recoñeza o dereito das mulleres a participar en igualdade nas festas.

O Premio Emakunde á Igualdade foi para o Alarde Igualitario de San Marcial de Irún e a Compañía Jaizkibel de Hondarribia representada pola Asociación Alarde Publikoaren Alde Alardezaleak Elkartea. O xurado valorou, entre outros aspectos, a súa aposta polo recoñecemento do dereito das mulleres a participar en igualdade nas festas e celebracións populares e salientou as dificultades ás que se enfrontaron desde que iniciaron a súa loita en 1996.

O xurado tamén subliña que a súa actuación nesta reivindicación desenvolveuse mediante a participación mixta de mulleres e homes e que contribuíu a pór de manifesto a importancia dos rituais e símbolos como parte dos procesos de socialización de mulleres e homes sobre os que cómpre intervir para favorecer a igualdade e previr a violencia contra as mulleres.

Ademais, en opinión do xurado, a actuación dos alardes mixtos tivo unha importante repercusión no ámbito académico da antropoloxía e das ciencias sociais xerando a aprendizaxe colectiva no sentido de que contribuíu a darlle pulo a estudos, investigacións, traballos, propostas de intervención e normativa que serviron de referencia para a defensa doutras causas a favor da igualdade de mulleres e homes.

Desde o comenzo da andaina destes dous alardes, *Emakunde* mostrou o seu apoio aos mesmos. Neste

sentido a directora de *Emakunde*, María Silvestre, defendeu que «as institucións públicas teñen a obriga constitucional, estatutaria e legal de remover os obstáculos e de adoptar as medidas necesarias para que as mulleres que o desexen, poidan participar nesta celebración en plano de igualdade cos homes». Desde *Emakunde* considérase que as tradicións son un elemento clave da cohesión social dos pobos, que naceron nun contexto determinado e que deben evoluir para adaptarse aos novos tempos. Neste sentido, as festas non poden institucionalizar e normalizar unha fractura social, senón promover a cohesión.

Finalidade do premio

A finalidade do Premio Emakunde é recoñecer publicamente a actuación daquelas persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas que se distiguen polo seu labor no ámbito da igualdade entre mulleres e homes, realizando accións, traballos ou proxectos que fomentasen a mellora de aspectos significativos no recoñecemento do traballo das mulleres e do seu empoderamento ou contribúan coa súa traxectoria á valoración e dignificación do papel da muller ou á promoción da igualdade de dereitos e oportunidades entre sexos en Euskal Herria. O premio está dotado con 14.400 €. Desde que se constituíu un único Premio Emakunde á Igualdade foron premiadas: María José Urruzola (a título póstumo no ano 2006); a Asociación Bagabiltza (2007); a Asemblea de Mulleres de Bizkaia (2008); Lilaton Taldea (2009); Teresa del Valle (2010); e os alardes mixtos de Hondarribia e Irún en 2011. ■



A valente Montse Neira

publicou a comezos deste ano 2012 *Una mala mujer: La prostitución al descubierto*, na editorial Plataforma (Barcelona). Neste libro conta, desde dentro, parte da súa vida. O título avanza, creo, as posición de Montse, o contraste que existe entre o que opina a sociedade de orde e ela sobre a súa vida.

Naceu en Barcelona en 1960.

Licenciada en Ciencias Políticas e da Administración, desempeñou diferentes oficios: dependenta, comercial, operaria en serigrafía, canguro, muller da limpeza, camareira, administrativa e contable. Desde 1989 exerce a prostitución en pisos, locais, a pé de rúa, clubs de estrada e gabinetes de masaxes, tanto con tarifas

económicas como elevadas. Na actualidade segue ofrecendo os seus servizos a unha clientela reducida. Participa en conferencias e debates sobre prostitución e en obradoiros abertos de antropoloxía, traballo social e socioloxía.

Na revista *Andaina* (1/2011) publicabamos unha interesante entrevista con ela asinada por Saleta de Salvador e M.^a Teresa Gómez Louzao que tamén se pode ver na páxina dixital de *Andaina*.

Sempre é gustoso escoitala e lela. Nesta ocasión tamén é así e o libro non defrauda.

De especial interese, para as persoas máis prexuzosas na cuestión e máis que para ningunhas outras para as que falan sen saber, sen coñecer e sen querer escoitar a voz das protagonistas. ■

denuncias e comentarios



A asignación anual do Estado á Igrexa católica ascende a 10.000.000.000 € (1.663.860.000.000 pts.)

A Igrexa católica española é inmensamente rica. Ademais vive nun verdadeiro paraíso fiscal por estar libre de impostos e porque a maioría dos seus bens e das súas contas son totalmente opacas. Esta situación é ilexítima e presuntamente ilegal, feito que é aceptado ou omitido polos poderes públicos que poderían estar cometendo diversos presuntos delitos.

Resumo aproximado de achegas directas do Estado e valoración por exención de impostos, contabilizados globalmente en millóns de euros (m€):

- ▶ Asignación vía IRPF 2010 (para financiamento directo do culto e do clero), 249 m€
- ▶ Asignación IRPF, fins sociais (obra social, cooperación, etc.), mínimo 80 m€
- ▶ Exencións tributarias, IBI, patrimonio, obras, etc., 1000 m€
- ▶ Ensino, persoal que imparte Relixión católica, 700 m€
- ▶ Financiamento de centros de ideario católico, 3900 m€
- ▶ Para asistencia sanitaria e para a obra social, 2500 m€
- ▶ Asistencia hospitalaria directa (CC. AA.), 700 m€
- ▶ Funcionarios capelláns (exército, cuarteis, hospitais...), 25 m€
- ▶ Mantemento do patrimonio artístico propiedade da Igrexa católica, 500 m€
- ▶ Fastos e eventos 2011 (datos coñecidos como a visita do papa a Madrid), previsión 60 m€
- ▶ Subvencións e gastos eventos relixiosos e asociacións de ámbito local, 290 m€

A Igrexa agranda o seu patrimonio apropiándose de inmobles sen donos. A culpa tena, en boa medida, a re-

forma que fixo o executivo de José María Aznar en 1998 da *Lei Hipotecaria* vixente hoxe co actual Goberno que permite á Conferencia Episcopal rexistrar ao seu nome inmobles como templos, cemiterios ou casas sacerdotais que até agora carecían de títulos de propiedade. Un libro publicado recentemente cifra en máis de mil os inmobles que, seguindo este método, pasaron a ser propiedade da Igrexa española só en Navarra. Os autores reclaman agora que o Goberno faga público a canto ascenden estes rexistros en todo o Estado

Esa Igrexa que tanto e tan ben respecta as leis e a Constitución usando o seu poder, a súa riqueza e os cartos públicos para facer campañas infinitas (púlpitos, COPE, confesionarios...) contra o divorcio, contra o aborto, contra os anticonceptivos, o sexo, o pracer, contra os dereitos de gais e lesbianas arrementando contra a Lei do matrimonio homosexual..., esa é a mesma Igrexa que quere o poder espiritual, pero sobre todo o poder material para encadear almas e consciencias.

Ah! Canto se bota en falta o vilipendiado Azaña, que si se atreveu a unha separación Igrexa-Estado no canto *deste non se sabe que* proclamado Estado aconfesional.

Na páxina www.laicismo.org hai abonda información sobre este tema. Desde a mesma pídese que se suprima da Lei de Facendas Locais, a exención do IBI e doutros impostos á Igrexa católica e a outras confesións relixiosas, así como as súas organizacións e centros de ensino e de proselitismo relixioso, ao mesmo tempo pídese aos municipios que fagan un censo dos bens rústicos e urbanos que están rexistrados a nome da Igrexa católica e das súas asociacións, fundacións, etc. e doutras confesións relixiosas. Que o poder legislativo autorice o Goberno a que se deroguen os acordos do Estado español coa Santa Sede de 1979, sobre todo en canto aos asuntos económicos, polo incumprimento permanente por parte da Igrexa católica, que no apartado 5 do artigo II de tales acordos mostraba «o seu propósito de lograr os recursos suficientes para a atención das súas necesidades», en fin, o seu compromiso era o autofinanciamento. En consecuencia, que se elimine do imposto da declaración da renda do ano 2012 (a realizar no 2013) o cadro de asignación á Igrexa católica e, dada a grave situación económica que atravesamos, que se suprima a asignación que figura nos Presupostos Xerais do Estado que están a debate. ■




As viúvas da crise

Decidiron chamarse «**Viuvas brancas**» e saír á rúa para exteriorizar un problema que non é individual. Medran os suicidios de pequenos empresarios afogados

polas débedas, por non poder facer fronte aos pagos. Mentres estes homes se suicidan por non poder pagar as súas débedas, hai outros, políticos, banqueiros, etc. que rouban, saquean ou marchan con indemnizacións suculentísimas. O Goberno, din, debería facer algo, non si? ■





Mulleres galegas en loita polos nosos dereitos

ZÉLIA GARCIA


O título deste comentario foi o lema escollido para a campaña do 8 de marzo deste ano que rematou coa manifestación nacional do 11 de marzo, que tivo lugar en Compostela. Palabras que falan do que foi a mobilización e das vontades que se uniron para, neste contexto de crise e recorte de dereitos, visibilizar un discurso onde a voz das mulleres, diversas, denunciemos xuntas de xeito que tivese presenza e fose altofalante da realidade que no día a día e, ás máis das veces de xeito illado, vivimos en cada recuncho deste país.

Mulleres que traballamos no ámbito do feminismo, centrais sindicais e asociacionismo plural deste país xuntámonos para recuperarmos a iniciativa potente perdida nas rúas, porque xuntas somos máis e escoitasenos mellor, e baixo a sinatura de Feministas Galegas fomos debullando este camiño.

Nun ambiente de festa e reivindicación, denunciemos o proxecto do Goberno central de revisar a lei do aborto, retrocedendo trinta anos na lexislación, e advertimos de que as mulleres son as que máis sofren a crise económica, por termos unha taxa de desemprego máis elevada, polas diferenzas salariais (*igual traballo, igual salario* foi un dos berros máis repetidos) e por termos que asumir as funcións dos coidados dos que, se se era unha das afortunadas, antes se ocupaban os servizos sociais recortados.

A maré violeta, con moitas mozas e moita cor e alegría, ascendeu desde a estación de tren até a praza da Quintana, deixando ao seu paso unha chea de berros, música e moitas verdades, e sobre todo, a alegría de estarmos xuntas.

O(s) feminismo(s) galego(s) precisa(n) de máis campañas como esta, de máis coordinación para organizar a resposta aos ataques e recortes contra os nosos dereitos e liberdades, e aprender xuntas que as diferenzas suman e non restan, e que o noso inimigo é a desfeita que nos queren impor nas nosas vidas e que xa temos mesmo enfronte. Contade con Andaina nese traballo común feminista. ■



Hai futuro para as políticas de igualdade?

ALBA ALONSO ÁLVAREZ

Os procesos electorais acontecidos recentemente en todos os niveis de goberno veñen de situar á dereita nunha posición de claro predominio no Estado español. Resulta evidente que este cambio non vén senón a agravar os procesos de progresivo dismantelamento do Estado de Benestar e de crecente perda de dereitos sociais. Sen embargo, as manifestacións públicas de destacados membros do Partido Popular parecen apuntar a que, malia as ditas reformas e a diminución do gasto público, as políticas de igualdade gozan dunha especial protección que garante a súa continuidade. No contexto galego, o presidente Feijoo vén de afirmar que o seu partido político non soamente é pioneiro no desenvolvemento deste tipo de actuacións en Galiza, senón que na súa etapa de goberno téñense producido avances notables neste ámbito. A nivel estatal, a ministra responsable da materia, Ana Mato, comezou o seu mandato afirmando que as políticas de xénero son unhas políticas de *todos*, nas cales o máis importante é preservar o



consenso existente. Ademais, tanto a reforma laboral como a da lei relativa ao aborto son enmarcadas non como retrocesos para as mulleres, senón como a especial consideración por parte do Executivo ante as súas necesidades –que non demandas–.

Á luz deste tipo de manifestacións parecera que non soamente existe un acordo notable respecto ás liñas de traballo para promover a igualdade de xénero, senón que estas actuacións, lonxe de verse afectadas polo contexto de crise económico-financieira, van ser consolidadas. Non obstante, que lectura podemos extraer da evolución destas políticas dende o comezo da crise no ano 2008 e, máis recentemente, dende o ascenso da dereita ao poder? Hai futuro para as políticas de igualdade no contexto español? E o que é máis importante, serán estas políticas transformadoras da realidade das mulleres?

Un primeiro termómetro da súa situación vén representada pola posición dos organismos de igualdade. Aínda que constitúen entidades que teñen sido amplamente cuestionadas polo movemento feminista dado o seu limitado poder transformador, representaron ata o de agora un dos principais valedores das políticas de igualdade tanto a nivel estatal como autonómico. Se atendemos á súa evolución máis recente, veremos que por primeira vez dende a súa creación están sendo postos en cuestión. Neste caso o exemplo galego é especialmente ilustrativo, aínda que non sexa único. O *Servizo Galego de Igualdade* foi eliminado despois de dezanove anos de historia, entendendo que a súa desaparición redundaría «nunha maior eficiencia e eficacia na aplicación das políticas de igualdade».¹ Así, entendendo que existía duplicidade nas actuacións da *Secretaría Xeral de Igualdade* e o SGI, elimínase este último. Non tivo en conta o Goberno galego que a eficacia das políticas de igualdade –quizais non a súa eficiencia– depende en gran medida da existencia dos propios organismos de igualdade. Tamén, do nivel xerárquico que ocupen dentro do organigrama do Goberno ou dos recursos económicos cos que contan. Igualmente, non se considerou que é clave a súa estabilidade política no tempo, de forma que poidan consolidar uns coñecementos, un persoal especializado e unha traxectoria de traballo que lle permita levar a cabo os cambios estruturais e de longo percorrido que require a igualdade de xénero. O SGI contaba con algúns destes elementos, xa que se trataba dun organismo autónomo, e polo tanto creado por lei e cun

[...] que lectura podemos extraer da evolución destas políticas dende o comezo da crise no ano 2008 e, máis recentemente, dende o ascenso da dereita ao poder?

Se atendemos á súa evolución máis recente, veremos que por primeira vez dende a súa creación están sendo postos en cuestión. Neste caso o exemplo galego é moi ilustrativo, aínda que non sexa único. O *Servizo Galego de Igualdade* foi eliminado despois de dezanove anos de historia, entendendo que a súa desaparición redundaría «nunha maior eficiencia e eficacia na aplicación das políticas de igualdade»

¹ Lei 7/2010, de 15 de outubro, pola que se suprime o organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e a Muller e se modifican determinados artigos da Lei 2/2007, de 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

O acontecido co Ministerio de Igualdade é tamén paradigmático. Creado en 2008 como máximo expoñente da importancia das políticas de igualdade na axenda do goberno socialista, foi degradado a Secretaría de Estado en 2010 e vinculado a un área de actuación de pouco peso político como a de sanidade

A eliminación do ministerio foi o revulsivo que precisaban certas autonomías para atreverse a cuestionar organismos de longa traxectoria

presuposto propio, cun percorrido de case dúas décadas. A súa substitución por unha secretaría xeral sitúanos ante un organismo de carácter temporal que en calquera momento pode ser degradado ou adscrito a outra área competencial –familia, traballo etc.–.

Desafortunadamente, o caso galego constitúe soamente un exemplo máis do cuestionamento deste tipo de organismos. O acontecido co *Ministerio de Igualdade* é tamén paradigmático. Creado en 2008 como máximo expoñente da importancia das políticas de igualdade na axenda do goberno socialista, foi degradado a Secretaría de Estado en 2010 e vinculado a un área de actuación de pouco peso político como a de sanidade, na cal o nivel estatal ten un papel menor fronte as autonomías. Este cambio na estrutura de goberno veu a confirmar a postura daquelas voces que defendían que este era o *ministerio de igual-da*, innecesario e creado soamente por motivos electoralistas. Situou ademais as políticas de igualdade como un luxo, un ámbito prescindible nun contexto de crise.


A eliminación do ministerio foi o revulsivo que precisaban certas autonomías para atreverse a cuestionar organismos de longa traxectoria. Así, ademais do SGI, foron eliminados tamén o *Instituto da Muller* na Rexión de Murcia ou o *Consello da Muller* da Comunidade de Madrid. Gobernos de esquerda como o de Castilla La Mancha abriron tamén o debate sobre a necesidade de prescindir do seu organismo de igualdade como un medio para racionalizar o gasto público. Neste caso, non obstante, as protestas do movemento feminista resultaron efectivas e conseguiron evitar a súa eliminación.

O segundo elemento que permite medir a recente involución das políticas de xénero son as denominadas leis de igualdade. Estas véñense aprobando en ambos niveis de goberno dende hai aproximadamente unha década, momento no cal os tradicionais plans de actuación viñeron ser complementados por normativa de carácter vinculante.



Gran parte das comunidades autónomas adoptaron este tipo de normas e algunhas incluso apostaron por incluír a igualdade de xénero como un principio a promover naqueles Estatutos de Autonomía que foron reformados nos últimos anos. Non obstante, o cambio político acontecido en gran parte dos gobernos autonómicos nas últimas eleccións vén de ter un gran impacto na normativa de igualdade. Ata tres normas que chegaron a ser proxecto de lei, as elaboradas en Catalunya, Illes Balears e Cantabria foron paralizadas polos seus respectivos gobernos conservadores. O rexeitamento destas normas representa a renuncia á posta en marcha de novas actuacións, como a creación de observatorios de igualdade, consellos de participación das mulleres ou unidades de xénero. Tamén implican non só a dilapidación dos recursos públicos que se dedicaron á súa elaboración, senón o silenciamento das voces das organizacións de mulleres e das expertas que contribuíron a darlles forma.

Outras leis de igualdade que si foron aprobadas en autonomías como Extremadura ou Castilla La Mancha sofren, sen embargo, o impacto da presenza dun goberno da dereita no seu desen-



volveremento posterior. De feito, este tipo de leis se non contan con normativa que regule os instrumentos e organismos que recollen, quédanse en papel mollado e carecen de incidencia algunha na acción de goberno.

O nivel estatal, pola súa parte, amosa tamén a influencia no cambio da color política do goberno a través da paralización da *Lei Integral para a Igualdade de Trato e a Non Discriminación*. Inspirada pola normativa europea, esta norma centrábase en ampliar o dereito antidiscriminatorio existente incluíndo non só a discriminación baseada no sexo, senón tamén a relativa ao nacemento, á orixe étnica, á orientación sexual ou á lingua. É máis, este texto recoñecía de modo pioneiro neste país a posibilidade de que unha persoa sufrira unha discriminación múltiple. Deste xeito, abría a posibilidade de que se recoñecese a diversidade existente entre as mulleres –e entre os homes–. Tamén, que se puidese aducir ante un tribunal que se estaba sufrindo máis dunha discriminación ao mesmo tempo, como ocorrería no caso dunha muller cigana. Por suposto, nesta norma quedaban á marxe as desigualdades de clase, que nunca son recoñecidas pola Unión Europea como motivo de discriminación.

En terceiro lugar, é posible entrever o impacto do cambio de goberno na axenda política en materia de igualdade. A pesar de que a ministra anuncie que se vai manter o consenso nesta materia, é evidente que existen diferentes conceptos de que é a igualdade de xénero e como se consegue. Se ben no anterior período de goberno se entendeu que era necesario implementar cotas que desen acceso ás mulleres aos postos de poder ou que se debía cambiar o marco normativo para permitir que estas decidisen sobre a súa maternidade, o panorama é ben distinto na actualidade. En primeiro termo, tal como foi enunciado na primeira sesión da Comisión de Igualdade do Parlamento, as prioridades nesta lexislatura serán a violencia doméstica, o emprego e a conciliación. O uso das palabras non é por suposto casual. A violencia volve ser *doméstica*, porque se aborda en gran medida cunha perspectiva asistencialista e se propoñen medidas especialmente dirixidas aos menores. Nada se di do cambio de roles e actitudes que permitirían previr a máis grave das manifestacións da desigualdade. No ámbito laboral recupérase o termo *conciliación*, volvendo a situar ás mulleres como principal obxectivo das actuacións públicas e como responsables de conseguir compatibilizar a vida laboral, persoal e familiar. Coa paralización da lei de dependencia, a precarización do sistema educativo e da rede de garderías ou a mingua dos dereitos da clase traballadora faise máis difícil, se cabe, acadar este equilibrio entre a esfera pública e a privada.

Mención aparte merecen as referencias realizadas por Alberto Ruiz Gallardón no relativo á lei sobre a interrupción voluntaria do embarazo. Neste caso, a alusión á existencia dunha violencia de xénero estrutural que obriga ás mulleres a abortar reflicte un intento de cooptar un dos conceptos centrais do feminismo e de cambiar a definición dun problema público. Segundo o ministro, a normativa aprobada polo goberno socialista parece non permitir ás

mulleres decidir se queren proseguir co seu embarazo. Máis ben, semella facilitar o traballo de certos mecanismos estruturais que as obrigan a renunciar á maternidade. Se estes mecanismos son a discriminación laboral que sofren as mulleres cando son nais, as dificultades económicas marcadas pola clase social ou a falla de implicación dos homes nas tarefas de coidado, non parece que a modificación da lei de prazos sexa a solución. En calquera caso, tanto a prioridade dada a este asunto como a aposta por volver ao anterior marco normativo poñen de manifesto que non todas as políticas que se fan en nome da igualdade son feministas.

Do ata aquí exposto pódese concluír que tanto a crise económica como o notable ascenso da dereita en ambos niveis de goberno están poñendo en cuestión de modo claro a continuidade das políticas de igualdade. A pesar da súa progresiva consolidación ao longo do tempo, resulta evidente que non só poden ver minguados os seus recursos e instrumentos, senón que poden ser empregadas para promover obxectivos que distan moito de supoñer un avance na igualdade das mulleres. Neste contexto será necesario seguir preguntándose se hai futuro para as políticas de igualdade, e, de ser así, se estas son e serán feministas. ■



15M12M

Un ano erguendo ilusións

ZÉLIA GARCIA

Hai máis dun ano comezaba un movemento nas prazas de todas as cidades do Estado Español que viña a dar voz colectiva ao descontento e a fartura dunha boa parte da sociedade. Fartura dunha maioría de políticos empoleirados nos seus mundos, de beneficios e claramente afastados desa cidadanía á que dicían representar. Casas de vivir tantas situacións de inxus-

Fotografías: Zélia Garcia



tiza dun xeito individual aprendeuse a compartilas, e gañouse para o colectivo ese berro tan poderoso de si, pódese, parando desafiuzamentos, creando colectivos, facendo desaxeración perdida de mozas e mozos sen futuro unha imaxe de empoderamento das sen medo, das que continúan a atreverse a crear a posibilidade doutras realidades.

E no medio de todo isto, xurdiu a polémica dos feminismos, do debate sempre relegado das mulleres, e fixose pedagogía e neste aniversario do que comezaba aquel 15 de maio de 2011 afirmábase: a revolución será feminista ou non será, e os grupos de feminismos xurdían en todos os colectivos e o lila tinxiu tamén este movemento.

Cansas de vivir tantas situacións de inxustiza dun xeito individual aprendeuse a compartilas, e gañouse para o colectivo ese berro tan poderoso de si, pódese




Agora máis do que nos últimos anos a certeza de que os de arriba queren que as de abaixo, as de sempre, paguemos a súa crise é máis que evidente, e por iso a resposta nas rúas nas últimas convocatorias sindicais

Moitas cousas foron as que mudaron co paso deste novo movemento: xerouse un novo clima social, máis fresco e que rachou cos guetos da esquerda máis tradicional, e socializou que esta crise é unha estafa, e que o engano comezara antes da crise. Fica claro tamén que os gobernantes son parte do problema, non foron quen de facer unha mínima reforma nin para facili-

tar a participación nin para perseguir a corrupción.

Agora máis do que nos últimos anos a certeza de que os de arriba queren que as de abaixo, as de sempre, paguemos a súa crise é máis que evidente, e por iso a resposta nas rúas nas últimas convocatorias sindicais como o 1º de maio ou na folga xeral do 29 de marzo foi tan contundente. Trátase de indig-



narse, protestar e defender o que nos rouban: as casas, a sanidade, o salario, o ensino, as pensións e no noso país, ademais da nosa lingua e a nosa identidade.

Porén tamén hai que aprender, sen prexuízos, de toda esta experiencia. Deixar a un lado tanta bandeira con logo corporativo de tal ou cal organización. Estar preparadas para a cooperación con outras diversas, deixar atrás

fetiches e sectarismos, preocuparse pola vida das persoas e recoñecermonos nese 99 %, que non é culpábel desta crise nin das súas consecuencias, e que ten que tomar as rúas, e ser quen de imaxinar no día a día unha realidade que venza ao desánimo, que cree ese outro mundo posíbel desde o ensaio no local. Xuntas podemos! ■

Estar preparadas para a cooperación con outras diversas, deixar atrás fetiches e sectarismos, preocuparse pola vida das persoas e recoñecermonos nese 99 %, que non é culpábel desta crise nin das súas consecuencias

MARINE LE PEN

A vella onda en océano revolto



LAURA GÓMEZ LORENZO

No contexto dunha crise económica estadounidense e da zona euro de colosais proporcións, como ben sabemos provocada por unha voraz especulación financeira e agravada polo férreo control que impón Angela Merkel a este lado do Atlántico sobre os resortes que poderían aliviar a débeda, experimentamos tamén a profunda crise política que se está a xerar no centro do modelo neoliberal.

Nunha análise titulada «A globalización da vacuidade política», o columnista estadounidense Chris Hedges¹ escribía recentemente que o baleiro de contido no discurso político en tempos tan precarios como estes terá perigosas consecuencias, porque por suposto os totalitaristas neoliberais están xa no poder, son eles os que redactan as lexislacións, designan os candidatos e financian as súas campañas. Son eles os que

succionan miles de millóns en subsidios gobernamentais e non pagan impostos, os que saquean o Tesouro, determinan

¹ Cito o artigo de Chris HEDGES, «The Globalization of Hollow Politics» a través de RABILOTTA, Alberto: «Las diversas facetas de la crisis europea», en *Sur y Sur*, 1 de maio de 2012, <http://www.surysur.net/2012/05/las-diversas-facetras-de-la-crisis-europa/>

a política enerxética, libran guerras imperiais para obter suculentos beneficios, controlan o debate e a información pública e son tamén eles quen están detrás do desmantelamento das nosas máis apreciadas liberdades civís. Advertía que, mentres as elites políticas de calquera signo rexeiten responder racionalmente ao clima da crise e continúen servindo á tiranía das finanzas globais, máis se irá erosionando a efectividade das nosas institucións políticas e maior será o outorgamento de poder á extrema dereita.

O avance da ultradereita en Europa conta con abundantes exemplos dende o cambio de século, en Austria, Holanda, Dinamarca, Finlandia, Noruega, Suecia... Os casos máis recentes, en Grecia e en Francia. Neste último país, na primeira volta das pasadas eleccións presidenciais a Front National, liderada por Marine Le Pen, obtivo o resultado máis amplo en toda a súa historia alcanzando un 17,9 % de votos.

Avogada experta en Dereito penal e eurodeputada, Marine Le Pen, de 43 anos, foi elixida presidenta da Front National en 2011, tomando o relevo do seu pai, Jean-Marie Le Pen, fundador do partido. Preséntase como unha muller moderna, divorciada en dúas ocasións, nai de tres fillos, que convive co seu actual compañeiro, Louis Aliot, vicepresidente do mesmo partido. Todo queda na casa.

«A nova Xoana de Arco», como a denominou o seu pai, comezou a súa presidencia na FN aplicándolle unha capa de maquillaxe: depurou as hostes dalgúns nostáxicos do III Reich e realizou un achegamento a Israel para evitar as críticas de antisemitismo que se granxeara o vello patrón. Unha vez alcanzado o seu obxectivo nas presidenciais, contribuíndo notablemente á caída de Sarkozy, e ante as próximas eleccións legislativas,² tras as que aspira a converterse na principal forza de oposición a Hollande, da súa campaña desapareceu o nome do partido, figurando nos carteis soamente o lema «rassemblement bleu Marine»,³ sen

ningunha referencia á figura do anterior xefe máis que a través do termo *rassemblement* (que tamén ten na linguaxe militar o significado de ‘formación’).

Pero o programa que presenta ás eleccións segue sendo vello, *déjà vu*. O antisemitismo foi substituído por unha manifesta islamofobia, pretende pechar as fronteiras, exercer un proteccionismo económico, abandonar o euro e renegociar os tratados europeos, todo a prol da soberanía nacional; propón incrementar notoriamente os efectivos de Policía e Forzas Armadas, restaurar a pena de morte e a cadea perpetua, establecer unha cidadanía por puntos semellante ao carné de conducir; é partidaria de eliminar a discriminación positiva e por suposto oponse ao aborto e ao matrimonio homosexual. Se en 2011 pregoaba a saída do euro coa utópica equivalencia de 1 euro = 1 franco, en vésperas das pasadas eleccións xa asumía unha depreciación do 20 % en caso da volta ao franco. Unha mestura explosiva e delirante!

Dominique Reynié,⁴ autor do ensaio *Populismes*, pon en evidencia o dobre resorte dos valores que pregoa hoxe a extrema dereita: «Por un lado está a protección dos chamados intereses materiais, é dicir, o nivel de vida ou o emprego; e polo outro o patrimonio inmaterial ou sexa, a reivindicación de determinado estilo de vida ameazado pola inmigración e a globalización». A estratexia da ultradereita consiste en presentarse como unha resposta *antisistema* ante a armazón das elites corrompidas *embazada* pola globalización e o multiculturalismo. A repercusión deste

² Este artigo está escrito tres semanas antes das eleccións legislativas.

³ A tradución sería ‘agrupación azul mariño’ ou ‘agrupación azul Mariña’, cun evidente xogo de palabras pola coincidencia entre o adxectivo *marine* e o seu nome.

⁴ Cito a través de FEBBRO, Eduardo: «Los ultraderechistas franceses marcan la tendencia», en *Sur y Sur*, 27 de abril de 2012, <http://www.surysur.net/2012/04/los-ultraderechistas-franceses-marcan-tendencia/>

[...] o programa que presenta ás eleccións segue sendo vello, *déjà vu*. O antisemitismo foi substituído por unha manifesta islamofobia, pretende pechar as fronteiras [...], incrementar notoriamente os efectivos de Policía e Forzas Armadas, restaurar a pena de morte e a cadea perpetua



A estratexia da ultradereita consiste en presentarse como unha resposta *antisistema* ante a armazón das elites corrompidas *embazada* pola globalización e o multiculturalismo

Talvez as case completamente masculinas camarillas neoliberais a tomaron menos en serio por ser muller e máis ben nova? Tan condescendentes se mostraron que mesmo procuraron seducir o seu electorado

discurso nas construcións políticas dos países é considerable, sorprendentemente, porque o esquema vén sendo sempre o mesmo.

Certamente en Francia existiu o *voto de protesta* entre os que votaron á FN na primeira volta das presidenciais, pero non nunha alta porcentaxe. O xornalista Alberto Rabilotta⁵ analiza un gráfico publicado no conservador diario *Le Figaro* que parece confirmar o afianzamento da FN «nas periferias urbanas, a distancias de 30 a 100 quilómetros dos grandes centros urbanos, o que indica unha mestura de poboación rural, pequenos produtores agrícolas afectados pola crise e pouco favorecidos polas políticas agrícolas da UE, que foron deseñadas para favorecer ás grandes empresas agroindustriais e exportadoras de grans e alimentos, así como pequenos comerciantes arruinados polos supermercados das grandes empresas comerciais, e unha crecente poboación desprazada das cidades polos altos alugueres, que sofre ademais a precariedade laboral. E nas zonas urbanas, onde teñen forte presenza o PS e a Fronte de Esquerda, a presenza da FN é marxinal».

Esta devastadora crise xera inseguridade e un sentimento de fragilidade entre a poboación que perde o emprego e ve minguar o seu xa exíguo poder adquisitivo, unha poboación farta da vacuidade da retórica política. Entre ese

sector e entre a mocidade de 18 a 24 anos, que ten un difícil acceso ao ámbito laboral, Marine Le Pen obtén a substancial porcentaxe dos seus votos, porque ela é *a candidata antisistema* —«unha sufrida nai de familia» nas súas propias palabras—, porque a seguridade das súas maneiras ao expoñer un discurso sen consistencia proporciona a impresión de que *ela sabe*, porque ao tomar tramposamente a parte polo todo (o extremismo) ao falar da «ameaza islámica» apóiase na súa condición de muller.

Cada discurso foi provocador e seguramente por iso tivo unha enorme cobertura mediática —como quen asina este artigo non é *fille de la patrie*, pódese dar o gusto de falar dela—. Talvez as case completamente masculinas camarillas neoliberais a tomaron menos en serio por ser muller e máis ben nova? Tan condescendentes se mostraron que mesmo procuraron seducir o seu electorado. Partidaria da igualdade, non vou ser eu quen se laíe de que unha muller lidere a FN, só cómpre deixar claro, como aviso a navegantes, que nada ten Marine Le Pen de nova onda, pois en cuestión de ideas, e salvando as diferenzas de xénero e idade, nada se parece tanto a un vello fascista como unha fascista nova. ■

⁵ Artigo citado na nota 1.





HANNAH WILKE

A Venus Narciso/feminista

RENATA OTERO

Como calquera cidadá de hoxe en día, vivín o cancro de preto. No meu caso perdín a varios parentes por esta enfermidade e levei algún susto por malos diagnósticos referentes á miña saúde. Non podo queixarme.

Unha das vítimas que coñecín moi de preto foi unha muller encantadora á que quixen moito. Tivo cancro de ovarios e dende o diagnóstico ata a súa morte pasou por tres anos de quimio-

terapia, radioterapia... Vinlle perder o cabelo, incharse, pasar por todas as fases do duelo, asumindo o seu remate, e finalmente sufrindo unha súbita perda de peso e de moral antes de irse.

Un par de anos despois de aquilo, un día, mentres investigaba para a miña tese, atopei a serie *Intra-Venus* (1992-1993) de Hannah Wilke. As imaxes causáronme un alto impacto por recoñecer a Wilke, rapada, inchada e con olleiras

pola mesma enfermidade que pasara anos atrás. Quedeí abraída e, aínda que coñecía algún traballo dos anos setenta de Wilke, decidín profundar na figura desta muller.

Hannah Wilke naceu o 7 de marzo de 1940 en Nova York, nunha familia xudea que viñera da Europa do Leste. O seu nome real era Arlene Hannah Butter.

Wilke comezou a expor recién rematados os seus estudos de arte, pero gañaría recoñecemento nos anos setenta, coincidindo coa efervescencia dun período cheo de movementos sociais e políticos nos EE.UU.

Foi unha artista multidisciplinar¹ que elaborou un discurso crítico sobre o patriarcado e que visibilizou a desigualdade de xénero presente tanto no terreo social como no artístico.

Wilke comezou a expor recién rematados os seus estudos de arte (Licenciatura en Belas Artes e en Ciencias da Educación, 1962, pola Universidade de Temple, en Filadelfia), pero gañaría recoñecemento nos anos setenta, coincidindo coa efervescencia dun período cheo de movementos sociais e políticos nos Estados Unidos, en torno á reivindicación polos dereitos humanos e a liberdade de expresión.

Daquela a arte acollía discursos sobre racismo, sexismo, antibelicismo, etc. E a expresión plástica incorporaba por primeira vez discursos políticos.

Wilke, ao igual que moitas mulleres artistas, aproveitou para mostrar o seu

desacordo co papel que a arte lles outorgaba ata o momento. Aburridas de estar afastadas do papel de creadoras e relegadas a ser obxecto de representación, moitas decidiron cambiar as tornas: un número importante de investigadoras comezaron a rescatar a obra doutras artistas anteriores ocultadas e invisibilizadas por institucións culturais seculares e machistas. Desde a produción artística, outras comezaron a protestar porque querían ocupar o sitio que lles fora negado, esixindo que o seu traballo adquirise unha valoración pública ecuánime con respecto á obra dos seus colegas varóns.²

Wilke foi a primeira muller artista que fixo esculturas de conas. E cando Wilke as mostrou, fíxoos cunha mirada feminina moi distinta á convencional: xa non eran obxecto de desexo sexual, xa non eran signos de fertilidade nin por suposto símbolos de pecado... Fíxoas con cerámica, pero tamén con materiais tan novidosos coma a goma de mascar ou a goma de borrar ou o látex. E cada sexo era un volume distinto: unha peza similar ás outras pero única. Estas esculturas de pequeno e mediano formato elaborounas coa técnica de placas, cedéndolle sempre certa marxe ao azar, deixando que a gravidade provocase que xurdisen moitas vaxi-



Portrait of the Artist with her Mother, Selma Butter
(Retrato da artista coa súa nai, Selma Butter) (1978-81)



Derriba as fotos e debaixo os chicles reais cos que se fixo as fotos da serie: *S.O.S...* (1974-82)

¹ Aínda que se definía como escultora, esta muller manexou moitas outras disciplinas para elaborar o seu traballo: vídeo, fotografía, pintura e *performance*...

² Para ilustralo, lembremos una anécdota bastante gráfica. No ano 1969 o Whitney Museum of Art presentou a súa exposición anual con 143 artistas homes e só 8 mulleres. Unha asimetría de xénero común aínda nos nosos días. A diferenza foi que nesa ocasión unhas cantas mulleres protestaron con pancartas na porta.



nas diferentes cos seus labios internos, externos e o clítoris máis ou menos obvios, máis ou menos debuxados.³

Dentro desta liña conceptual e formal, Wilke empregou en 1974 diminutas conas como parte de *S.O.S - Serie do obxecto de Starification*.⁴ Nestas fotografías en branco e negro ela posaba nova e fermosa coma unha suxerinte modelo de portada. Como parte da posta en escena, a autora colocou sobre o seu corpo pequenas esculturas de goma de

³ Wilke buscaba intencionadamente plasmar o xesto das súas mans ou da xema dos seus dedos, como a pegada que reivindicaba no campo pictórico o expresionismo abstracto de Jackson Pollock, no que o trazo persoal do pintor cobraba un valor irrepitible: unha especie de firma, froito da mestura entre a identidade e a espontaneidade que provén especificamente do artista.

⁴ A Wilke gustáballe xogar co dobre sentido das verbas nos títulos dos seus traballos. Por exemplo en *S.O.S. Starificación*

Wilke foi a primeira muller artista que fixo esculturas de conas. E cando Wilke as mostrou, fíxoo cunha mirada feminina moi distinta á convencional

Nun primeiro intre esas pequenas vulvas lembraban cicatrices tribais, escarificacións como as que se fan en determinados poboados africanos para embelecer o corpo [...]



Sexos modelados en láminas de porcelana, da súa serie *Baby blue* (1977)

mascar⁵ con forma de vaxina. Nun primeiro intre esas pequenas vulvas lembraban cicatrices tribais, escarificacións como as que se fan en determinados poboados africanos para embelecer o corpo. A mestura entre a muller sexy que posa mirando á cámara e a superposición destas pequenas vulvas era un xeito de satirizar sobre os estereotipos femininos da cultura occidental.

O resultado eran imaxes inquietantes. Por unha banda nelas mostrábase a muller orgullosa da súa feminidade, con capacidade crítica, sentido do humor e ganas de reivindicar un espazo propio: o da expresión pública, empregando para iso o corpo en ocasións espido,⁶ que con anterioridade só lle conferira á muller a calidade de obxecto dentro do universo artístico. Pero ademais miraba á cámara, evidenciado o papel de *voyeur* do espectador, rompendo un tabú secular, especialmente acentuado na cultura audiovisual do século XX.

Moitas feministas non a entenderon. Para elas, Wilke caía na trampa do exhibicionismo e o narcisismo,⁷ ao saberse fermosa e posar como tal. Con iso, supostamente, desvirtuaba o discurso antipatriarcal.⁸

Sexa como sexa, esta autora entendeu dende ben cedo, ao igual que moitas outras feministas, que falar dende a



So Help Me Hannah (1979)

experiencia propia lle daba unha carga de veracidade extra as obras. E a célebre proclama de *O persoal é político* cobrou un sentido especialmente dramático cando súa nai, Selma Butter, enfermou de cancro. Selma foi diagnosticada no ano 1978 e loitaría coa enfermidade ata o 1984. A súa filla Hannah estivo moi unida a ela neste período e, de feito, ata abandonou temporalmente a creación para acompañala durante o duro tronso da recta final.

Unha vez morta a nai, Wilke sacou á luz a mostra *Retrato da artista coa súa nai* (1978-1981). Esta colección de fotografías eran unha homenaxe póstuma que mostraban á súa nai, moi enferma, nunha reflexión sobre a fragilidade humana, o ciclo da vida e o efémero da vida. O maior peso simbólico da imaxe non se centraba na dor ou na pena, senón na dignidade desta anciá e na forza de quen afronta o seu breve futuro con valor.

Compartir nun espazo expositivo imaxes íntimas que mostraban o declive da nai tiña unha intención social: era o xeito que Wilke atopou para protestar ante os procedementos clínicos e contra os protocolos médicos que fan sentir aos pacientes unha especie de vergoña persoal por saber que van morrer.

Object Series... xogaba con *star* (estrela, celebridade...), e con *scars* (cicatrices), mentres que en *Marx, exchange Values* (1978) falaba simultaneamente da muller como un valor de cambio, como o produto nas teorías marxistas, e ao mesmo tempo tamén da necesidade dun cambio nos valores, para avanzar cara a igualdade de dereitos e oportunidades das fêmeas.

⁵ Ao optar por este material, a autora incidía no xeito inconsciente que temos de buscar en obxectos anódinos características sexuais. E ademais facía alusión ao feminino, dende o cotián, como aquilo que por habitual xa nos resulta invisible. A muller redúcese nesta analogía coa goma mastigable a un obxecto efemeramente saboroso e doce, barato e de usar e tirar. Algo que en pouco tempo se volve vello e por iso supostamente desprezable.

⁶ Outros traballos de mulleres que empregaron o seu corpo para crear unha arte identitaria feminina foron: *Interior Scroll* de Carole Schneemann (1975), *Flower on Body* de Ana Mendieta (1973), só por citar algúns dos máis emblemáticos.

⁷ Lembremos, por exemplo, que segundo a célebre feminista estadounidense Lucy Lippard Wilke flirteaba e resultaba «excesivamente provocativa para ser feminista».

⁸ E o certo é que ao longo da súa traxectoria Wilke empregou importantes doses de ironía para levar a cabo unha crítica profunda, e non sempre foi comprendida... En boa parte destes traballos empregou o seu corpo espido, para referirse: aos estereotipos de beleza en *S.O.S. Starificación Object Series...* (*S.O.S. Series de obxecto de*



Intra-Venus Nº 4 (1992-1993)

Wilke foi diagnosticada dun linfoma. Como parte da súa terapia persoal para soportar a trágica noticia, e sempre coa complicidade do seu marido, Donald Goddard, comezou a rexistrar o deterioro do seu corpo ao longo da enfermidade ata o esgotamento e derrube final

Paradoxos do destino, pouco tempo despois de perder a súa nai, en 1987 Wilke foi diagnosticada dun linfoma. Como parte da súa terapia persoal para soportar a trágica noticia, e sempre coa complicidade do seu marido, Donald Goddard, comezou a rexistrar o deterioro do seu corpo ao longo da enfermidade ata o esgotamento e derrube final.

Dende o día do diagnóstico debuxábase a diario a cara e as mans buscando graficamente a evidencia da enfermidade no espello. Neste período, que incluíu un transplante de medula e múltiples sesións de quimioterapia, Wilke realizou unha serie de debuxos: *Brushstrokes*, elaborados co cabelo que lle foi caendo como consecuencia do tratamento, ademais de esculturas con obxectos médicos, cos que se familiarizou durante a súa convalecencia, máis de 3000 fotografías e 30 horas de gravacións en vídeo.

As primeiras imaxes aínda reflicten o sentido de humor dunha muller atractiva de media idade, pero a medida que a serie progresa atopámola visiblemente peor e desanimada.

Con todo este material construíría *Intra-Venus*,⁹ o seu último traballo, unha obra que se exhibiría, por orde da autora, de xeito póstumo. Nela recoñe-

cemos aquela muller vaidosa tras varias décadas, e atopamos nela, de novo, a valentía de crear un discurso polémico e auténtico, forxado a partir da experiencia vivida. En *Intra-Venus* atopamos pois unha descrición insólita na historia da arte, a de quen ten a valentía de dicir en voz alta: «Son eu, estou morrendo. Olla o que me está a pasar».

Wilke sinálase a si mesma como obxecto da mirada, unha última vez, para denunciar a agonía de tantas outras que corren a mesma sorte que ela. A colección é un autorretrato colectivo, aínda que só unha muller pose ante a cámara. E faino nun traballo abertamente agresivo pola falta de pudor para mostrar o corpo sublime co que irritara ás feministas dos anos setenta: envellecido, deforme debido á medicación, con boa parte do cráneo sen cabelo, vomitando, desmaiada...

Wilke finou o 28 de xaneiro do 1993 e deixou con *Intra-Venus* o seu testamento visual, onde xa non hai mais hedonismo que a valentía de mostrar o propio naufraxio sen trampa nin cartón.

Aínda que foi unha muller que gozou de certo respecto profesional en vida, a súa obra entrou en poucos museos antes de esta data e deulle escasos ingresos económicos. Xa finada, o seu

traballo pasou a formar parte das coleccións de institucións tan nomeadas no mundo da arte como The Museum of Modern Art, o Whitney Museum of American Art, ou Museum of Contemporary Art dos Ánxeles, e o Centro Pompidou de París. ■



Bibliografía:

PRINCENTHAL, Nancy: *Hannah Wilke*, Nova York, Prestel Publishing, 2010.

VV. AA: *Hannah Wilke, A Retrospective*, Columbia, University of Missouri Press, 1989.

estereficación, 1974-1982); ao fanatismo do feminismo radical de *Marxism & Art* (*Marxismo e Arte*, 1977); á depreciación do traballo artístico feminino fronte ao masculino de *So Help Me Hannah* (*Así que, axúdame Hannah*, 1979), e ao papel da muller na historia da arte como obxecto pasivo para a representación de *I Object* (*Eu obxecto*, 1977-78). E iso tampouco gustou a todo o mundo.

⁹ No caso de *Intra-Venus*, tamén había un dobre sentido: por unha parte facía alusión á beleza feminina, que tiña como paradigma a Venus, e neste caso prioriza a beleza interior da venus, fronte ao corpo que vai perdendo o atractivo exterior; por outra, fai unha alusión sonora ao tratamento intravenoso da quimio á que se someteu intentando escapar da morte.



A maternidade no III MUFEST*

IRIA VÁZQUEZ ESTÉVEZ

O día 9 de maio Felicia Boots acabou coa vida dos seus dous fillos de 14 meses e 10 semanas. Felicia e o seu marido Jeff acababan de mudarse cos dous pequenos a unha nova casa de 1,2 millóns de libras nunha das zonas máis podentes de Londres. Felicia sufría de depresión posparto.

Aurora Rodríguez, nai de Hildegart Rodríguez, non sufría de depresión posparto que se soubese (non creo que lle durase a depresión dezaioito anos) pero decidiu matar a súa filla cando empezou a sospeitar que Hildegart xa non era perfecta, como ela quería. E se Aurora lle dera vida, Aurora podía quitarlla. Sheyla Pie, ganadora do primeiro premio de ficción do pasado III MUFEST, preséntanos así esta historia

descoñecida para moitas da fascinante vida de Hildegart Rodríguez, coñecida como *la virgen roja*, neste caso *The Red Virgin*. A autora canadense nunha entrevista para Birds Eye View (Festival de Cine feito por Mulleres de Londres que durante este 2012 foi suspendido por falta de orzamento) remítese á fascinación que esta historia espertou nela e como se interesou pola vida intelectual e política da España republicana. Tal e como di Sheila na entrevista, a historia de España coñécese alén das fronteiras do Estado só a partir do franquismo e descoñécese por completo o fervor e a apertura social, política e intelectual que os anos da república representaran.

Mais o interese da súa obra radica non só na calidade técnica e interpreta-

tiva (Maribel Verdú e Ivana Baquero complementáanse perfectamentee ante a cámara, como xa tivemos ocasión de ver no caso do filme *El laberinto del fauno*), non só pola importancia histórica das figuras de Hildegart Rodríguez e

* O III MUFEST conseguiu poder presentar en Santiago, durante catro intensos días, documentais e curtas de ficción que cuestionan certas realidades asumidas ou que as presentan desde perspectivas canto menos inxeniosas. Queremos darlle continuidade a este festival, porque queremos seguir vendo películas feitas por mulleres e que presentan esta infinidade de miradas. Por iso precisamos de todos os apoios posibles para darlle continuidade. Se estás interesada en colaborar non dubides en escribirnos a mufest@andainamulleres.org



Sheyla Pie, ganadora do primeiro premio de ficción do pasado III MUFEST, preséntanos así esta historia descoñecida para moitas da fascinante vida de Hildegart Rodríguez

O documental *Madres 0,15 el minuto* foi a obra ganadora do premio de documental durante esta edición

Aurora Rodríguez, senón tamén por esa relación materno-filial tan diferente e tan ben relacionada co momento social no que tivo lugar. Aurora Rodríguez compartía as ideas de moitos dos seus contemporáneos relativas á euxenesia. Aurora quería concibir a primeira muller libre do mundo e con esa idea criou a Hildegart. Cóntase que durante o embarazo Aurora espertaba cada hora para cambiar de postura e que así o sangue regase o feto por igual. Hildegart, aos 3 anos xa escribía, aos 8 falaba seis idiomas e aos 17 licenciouse en Dereito pola Universidade Complutense de Madrid. Tivo un papel moi activo na reforma sexual durante os anos da república e publicou sete obras durante a súa curta vida. Pero a procura da autonomía con respecto a súa nai incitou o seu asasinato.

Mais esta non foi a única historia de maternidades difíciles que nos trouxo o III MUFEST. O documental *Madres 0,15 el minuto* foi a obra ganadora do premio

de documental durante esta edición. Dirixida pola arxentina Marina Seresky recolle as historias de seis nais inmigrantes en España que deixaron lonxe os seus fillos e fillas. Son testemuñas desoladoras, cheas de tristeza por non poder ter a súa familia cerca e ter que ver como medran a través de *webcams* ou chamadas de teléfono en locutorios. Pero están tamén cheas de esperanza, porque a emigración é o primeiro paso para poder darlles unha vida mellor ás persoas que máis queren. Un dos sentimentos que se desprende deste documental é a culpabilidade coa que viven estas nais. Séntense culpábeis por ter deixado fillas e fillos atrás, aínda que saben que esa foi probablemente a mellor decisión para conseguir unha mellora na calidade de vida dos seus fillos. Esa culpabilidade non ten que ver só cun sentimento interior, é claramente un reflexo do que a presión social provoca, unha nai que abandona os seus fillos é unha mala nai. Unha nai ten que



estar cos seus fillos, ten que coidalos. O sitio da nai é na privacidade da casa. A contradición que se establece entre o que debería ser e o que é provoca estes sentimentos encontrados, esa frustración entre os desexos, as expectativas e a realidade. Porque ademais ser inmigrante en España non é o que a maioría imaxinaba.


Ademais destas dúas obras premiadas do III MUFEST que presentan desde diferentes perspectivas a cuestión da maternidade, formaron parte do palmarés outras como *El Porvenir* de Laudena Bostock, unha trágica historia sen diálogo que presenta as penurias dunha nai indixente, e *Algo queda* de Ana Lorenz, na que unha filla coida da súa nai enferma de Alzheimer establecéndose un paralelismo con escenas da súa infancia na que a relación era a inversa e a nai coidaba á filla.

Outra das obras insignes desta edición do MUFEST e que non deixou de sorprenden o público foi a curtame-

traxe SIS de Deborah Haywood. A propia directora presentou o seu filme, unha historia divertida que narra a perspectiva de dúas nenas sobre temas tan confusos para elas como a maternidade ou a pedofilia.

Pero non todas as obras, por suposto, tiveron como temática a maternidade. Aínda así, a forte presenza deste tema, sobre todo tendo en conta que as dúas películas ganadoras do MUFEST tratan esta cuestión, lévanos a reflexionar sobre a súa importancia na vida das mulleres. Certamente desde pequenas repítesenos que a nosa función no mundo é aquela de procrear. Aínda existe a consideración tradicional de que a culminación de ser muller é ser nai. É por iso que abría este artigo con esa noticia trágica do parricidio, porque é unha historia que conmocionou socialmente a Inglaterra e abriu novos debates sobre a maternidade. ■

[...] non todas as obras, por suposto, tiveron como temática a maternidade. Aínda así, a forte presenza deste tema, sobre todo tendo en conta que as dúas películas ganadoras do Mufest tratan esta cuestión, lévanos a reflexionar sobre a súa importancia na vida das mulleres



Olga, nai de oito fillos

SANDRA HERNÁNDEZ BLANCO*

Olga naceu en Escairón, provincia de Lugo, o 5 de marzo de 1934, na que chamaban por aquel entón Casa das cereixas, nun pobo que daquela estaba repleto de cativos «non como agora, que nas aldeas só quedan as casas ou as pedras» e de todo tipo de froiteiras nas que xogaban os nenos da vila.

Grandes, grandes que daba gusto collelas... e sobre todo comelas. Había todo tipo de froitas, peras, laranxas, cirolas e tamén serpes..., recordo como cacarexaban as galiñas cando se achegaba unha, e escoitábamol as e íamos matalas con paus.

Estudou no colexio de Escairón ata os 14 anos. Filla de labregos, aprendeu a coser e traballou como modista, ata que con 20 anos marchou a Barcelona, onde coñeceu a Ramón, militar de profesión, o seu futuro marido. Con el casou o 19 de setembro de 1954. Un ano despois naceu a súa primoxénita, Olga, á que sucederon dous máis que naceron na *Cidade Condal*. Vivían preto dun matadoiro, na rúa Tarragona, sen frigorífico nin lavadora, que naquela época era aínda unha descoñecida, a roupa e os cueiros dos nenos, que non eran como os de agora, lavábanse a man.

[...] en Barcelona tiñamos que cruzar a rúa e alí había unha leitería, íamos seguido mercar o leite, porque se non era do día es-

tragábase..., aínda que sendo tantos!... Lembro que comezaban a comercializarse os iogures... en terrinas de cristal, que eran moito máis hixiénicos que agora.

Pero non sería Barcelona a cidade na que nacerían os seus seguintes fillos, por motivos laborais regresaron a Galicia, a Ramón chamárono para traballar na COE, o que os fixo mudar a súa residencia a Ourense.

A min Barcelona gustoume máis a última vez que fun, cando vivía alí... boeno, aquí estase moi ben.

Daquela Ramón traballaba fóra dez días ao mes, e nisto xogaban un papel importante as veciñas de antes, «porque agora xa non son o que eran», todas estaban máis ou menos na mesma situación e axudábanse mutuamente, e de vez en cando ata ían todos xuntos «de escapada».

Ser dez non é fácil e moito menos se só entra un salario na casa, pero o truco está en economizar e repartir, ir reservando cartos para aquí, cartos para aló, e ao final todos saíron e saíron todos ben. ■

* Sandra é neta de Olga.



Yo maté a Sherezade: Confesiones de una mujer árabe furiosa

HADDAD, Joumana: *Yo maté a Sherezade: Confesiones de una mujer árabe furiosa*

Tradución de Marta Mabres Vicens, Madrid, Debate, 2011, 142 pp.

ISBN: 978-84-8306-573-0

YASMINA ROMERO MORALES¹

As revoltas populares iniciadas en 2010 no mundo árabe e nas que fomos testemuñas da participación das mulleres, converten o último libro de Joumana Haddad nunha obra clave para entender de que e de quen falamos cando nos referimos á(s) muller(es) árabe(s) e que papeis poden chegar a xogar estas na necesaria revolución feminina que debe darse nas sociedades árabes. Unha revolución vital para que os novos réximes melloren a situación das mulleres, respecten e garantan os seus dereitos á vez que consideren unha democracia real e efectiva.

Joumana Haddad (Bayrut, 1970), na súa primeira incursión no ensaio, *Yo maté a Sherezade: Confesiones de una mujer árabe furiosa*, pretende reflexionar sobre a imaxe estereotipada que se formou da muller árabe, tanto en Occidente coma dende o mesmo Oriente, utilizando explicacións simples e exemplos concretos, a maioría das veces extraídos da súa propia vida.

Esta autora que foi chamada a *Oprah Winfrey do Líbano* ou a *Carrie Bradshaw de Bayrut*, é unha escritora libanesa—principalmente de poesía—, tradutora, xornalista e activista polos dereitos humanos das mulleres, pertencente a unha familia burguesa, moi conservadora e católica, da que ela se desmarca considerándose atea. Funda e dirixe a primeira revista en lingua árabe dedicada integramente á sensualidade do corpo,

non só dende a dimensión erótica, senón social, filosófica, literaria e artística deste. Esta publicación, que recibe o nome de *Jasad* ('corpo' en lingua árabe),² editase con periodicidade trimestral e está prohibida en todos os países árabes agás no Líbano, aquel onde se edita.³ Ademais, Haddad é a encargada do suplemento cultural de *An-Nahar* ('o día' en lingua árabe), diario de referencia no Líbano.

A autora, nas primeiras páxinas do seu ensaio-autobiográfico, relátanos como xurdiu a idea de escribir *Yo maté a Sherezade: Confesiones de una mujer árabe furiosa*; Haddad explica que naceu da necesidade de dar resposta a unha xornalista occidental que, desconcertada, quería saber como unha muller árabe chegara a dirixir unha revista erótica como *Jasad*. A xornalista aseguraba que en Occidente non se estaba familiarizando con mulleres árabes liberadas como ela. Haddad admite que se sentiu molesta pola declaración da xornalista e que lle respondeu groseiramente: «hai moitas mulleres árabes liberadas coma min. E se, como vostede di, non sabe da nosa existencia, entón ese é o seu problema, non o noso» (p. 13). Poucas horas despois, a autora estaba arrepenida desta impulsiva acometida contra a xornalista—á que mesmo neste libro pide desculpas— e escribiu un texto curto que podería servir de resposta á cuestión que tanto lle molestara. O texto

curto pasou a ser un texto longo e, por último, converteuse no libro que agora publica baixo este rechamante título e que inicia coas palabras «querido occidental», un destinatario obvio, aínda que a autora tamén reconece que vai dirixido, da mesma forma, aos seus conterráneos árabes.

O título do seu ensaio é elocuente en si mesmo e deducimos que é o mellor xeito de achegarnos ao obxectivo perseguido pola autora nas súas páxinas. Por que matar a Sherezade? Todos recordamos á protagonista de *As mil e unha noites*, que consegue salvar a súa vida noite tras noite contándolle ao sultán relatos que deixa sutilmente inacabados ata a noite seguinte. En xeral, quíxose ver en Sherezade unha muller forte, dotada de grande habilidade narrativa, valente e astuta, que loitou por conseguir a súa propia liberdade e a doutras mulleres na súa mesma situación. Entón, por que rematar coa súa vida?

Joumana Haddad considera que a historia de Sherezade envía unha mensaxe equivocada á sociedade en xeral,

¹ Instituto Universitario de Estudos das Mulleres da Universidade de La Laguna.

² Nestas páxinas recóllese as transcripcións de palabras árabes proporcionadas pola autora no ensaio reseñado.

³ *ABC.es* 24/03/2011. Data de consulta: 21/09/2011.

e ás mulleres en particular, que a convertemos nunha heroína sen selo e que, en realidade, «coloca o home nunha situación omnipotente e a muller nunha comprometida e de inferioridade» (p. 128). Para Joumana Haddad, Sherezade non se empoderou –empregando a terminoloxía feminista actual– e reivindicou os seus dereitos fundamentais, senón que fixo concesións e transformounos en mera materia de negociación. Sen embargo, quíxose convertela en símbolo da loita feminina e feminista contra as desigualdades, a barbarie e a discriminación por motivos de xénero, e é niso no que máis en desacordo se encontra Joumana Haddad, para quen Sherezade non é un exemplo de resistencia fronte ao abuso patriarcal, senón unha muller que «compra-ce» ao home para conseguir os seus obxectivos. Así que leva a cabo o seu asasinato literario, créndoo sen lugar a dúbidas un crime necesario: «Eu matei a Sherezade. Estranguleina coas miñas dúas mans. De feito, alguén tiña que facelo. A contraanálise e o cuestionamento intelectual dese personaxe non eran abondo eficientes» (p. 129). Tras cometer o asasinato, espera que todas esas mulleres árabes que seguen o prototipo de Sherezade deixen de facelo e aposten por outro modelo literario como é o de Lilith, aquela invisibilizada primeira esposa de Adán, que abandonou o paraíso por vontade.

E por que as súas confesións proveñen dunha muller árabe furiosa? Furiosa, por dous motivos. O primeiro deles, porque rexeita os clichés nos que as mulleres árabes son sempre submisas, pasivas, compracentes e resignadas. E a segunda causa, porque esas mulleres submisas, pasivas, compracentes e resignadas existen. Haddad séntese furiosa polo comportamento desas mulleres árabes que deciden ser sherezades, que aceptan o seu papel de vítimas porque é moito máis sinxelo que levantar o machado de guerra para loitar polos seus dereitos e os das súas conxéneres. Joumana Haddad considera que «ser muller no mundo árabe, é facer unha declaración de guerra».⁴ Non está de acordo coas mulleres que aceptan de modo submisos o seu destino, ela entende que ser muller na sociedade árabe actual supón un compromiso, que hai que rebelarse, principalmente, contra o fundamentalismo relixioso e que ademais, non se debe negociar cos dereitos fundamentais, senón reivindicalos en toda a súa dimensión. De aí a súa furia, a furia que debe ter unha muller árabe oposta radicalmente á rendición que teñen as sherezades actuais.

Así pois, a través dos once capítulos que articulan o texto, nos que podemos atopar referencias biográficas e literarias dalgúns libros que a marcaron particularmente de nena, como *Justine* do marqués de Sade ou *Lolita* de Vladimir

Nabokov, achamos historia recente do Líbano, como a guerra civil, e, mesmo poesía, todo iso perseguindo o obxectivo de presentar outro modelo de muller árabe que axude a refutar a estereotipada imaxe global da(s) muller(es) árabe(s) actual(actuais).⁵

Joumana Haddad non quere caer na trampa de subministrar tan só o anticlixé, non nos di que esas mulleres retratadas nos medios de comunicación ata a saciedade, de xeito submisos, dependentes dos homes da familia, cun rostro oculto baixo un *hiyab* ou un veo integral non existan. Porque a ruda realidade é que existen, pero é unha visión incompleta da muller do mundo árabe e «non por iso resulta menos escandaloso, triste e inxusto que na mirada e

⁴ *El Mundo.es* 23/03/2011. Data de consulta: 21/09/2011.

⁵ Nesta liña é moi interesante o artigo de Clara YUSTE: «Estrategias discursivas y representación iconográfica de mujeres, musulmanas, migrantes: Entre la hostilidad, la condescendencia y la fascinación» publicado en MONTAÑÉS-NIZA, Dolores (ed.): *¿Visibles o invisibles?: Mujeres migrantes, culturas y sociedades*, Pozuelo de Alarcón (Madrid), Plaza y Valdés, 2011, pp. 147-156. Neste texto, Yuste rescata da invisibilidade a esas moitas mulleres que migran soas, evitan ás súas comunidades de orixe, constrúen comunidades de elección con outras mulleres e ámbitos, pero a prensa e os medios non as visibilizan porque non coinciden co cliché.

na percepción xeral de Occidente practicamente non haxa presente ningunha outra imaxe da muller árabe» (p. 27). Proxectar unha soa imaxe é exercer violencia simbólica contra as mulleres árabes. Os medios de comunicación e a prensa visibilizan a unhas e invisibilizan a outras. Imaxinemos que a representación da muller occidental fose só a nai de familia numerosa do Opus Dei e que o resto das mulleres fosen borradas. Algo así é o que sucede coa obsesión *massmediática* que se exerce sobre as mulleres árabes e/ou musulmanas. As mulleres do mundo árabe islámico,



Joumana Haddad

ao igual que as mulleres da nosa sociedade, son plurais, heteroxéneas e tan complexas como o somos nós, e é por iso que neste libro Joumana Haddad non deixa de afirmar ao longo das súas páxinas que, aínda que «é o que se di unha “muller árabe”», ela e moitas mulleres igual ca ela visten como lles apetece, van onde queren, saen a bailar ata a madrugada, falan do que se lles ocorre, non van veladas, non están sometidas, non son submisas, non son analfabetas, ningún home lles prohibe conducir, teñen formación elevada, vida profesional, gañan máis que algúns homes non só árabes senón tamén occidentais, non viven en tendas de campaña, non montan en camelo e non saben bailar a danza do ventre (pp. 17-18). Outra muller árabe existe, claman as páxinas de Haddad e quere facérnolo comprender. Ese é o obxectivo perseguido pola autora, e, tras a súa lectura, podemos concluír que é un obxectivo alcanzado.

Yo maté a Sherezade: Confesiones de una mujer árabe furiosa é un texto moi persoal, case un manifesto, un libro indispensable, intelixente, provocativo mesmo para calquera lector ou lectora que, como advirte a autora, non «desexe ver corroboradas as súas opinións orientalistas ou queira reafirmar os seus prexuízos antiárabes» (p. 17), senón que estea disposto a achegarse a outro tipo de muller árabe que pode que forme parte dunha minoría invisibilizada, pero que tamén existe.

Por último, non desexamos rematar esta recensión sen facer referencia á cuberta do libro, obtida a partir da repetición da caligrafía da palabra *al-hurriyya* ('liberdade' en lingua árabe) e que exemplifica á perfección a meta a alcanzar por Joumana Haddad e o resto das e dos activistas polos dereitos das mulleres. ■

Libros



Morgana en Esmelle

Begoña CAAMAÑO: *Morgana en Esmelle*, Galaxia, 2012, Vigo, 220 páxinas

ISBN: 978-84-985-412-7

As increíbles aventuras do sabio Merlín, do valoroso rei Artur e do fermoso cabaleiro Lanzarote do Lago chegaron até nós grazas a figuras da relevancia de Chrétien de Troyes ou de Geoffrey de Monmouth. Na actualidade non se nos ocorre negar a importancia e a influencia que tan afamadas historias teñen exercido na literatura europea. Nas nosas letras recrearon o tema con acerto autores como Xosé Luís Méndez Ferrín, Darío Xohán Cabana, Carlos G. Reigosa ou o propio Álvaro Cunqueiro. Reparade canto nome propio de varón. Historias de homes contadas por homes.

A ninguén se lle escapa tampouco o deplorable papel das mulleres en tan afamado legado lendario (ou si?). Begoña Caamaño reformula para nós o ciclo e ensínanos a miralo con outros ollos, os nosos, os das mulleres. A lectora de tan relaxante e amena novela terá ocasión de preguntarse se a adúltera raíña que se fuga con Lanzarote sen importarlle o que poida sufrir o pobriño do seu esposo, non será en realidade unha vítima máis dos intereses dos varóns. Talvez Morgana no canto da irmá vingativa que xace co seu medio irmán para concibir ilexítimamente o fillo que vai rematar co monarca lendario, non sexa máis que outro dano colateral dos intereses virís, sensibles tan só ante o poder e a riqueza.

Sexa como for, Begoña Caamaño logra presentarnos a unha Viviana republicana e xenerosa, partidaria de es-

tender a ciencia entre o pobo no canto de volvela privilexio duns poucos. Fundamentalmente namorada dun Merlín avarento e resentido que defende unha concepción elitista do saber, Viviana é quen de denunciar o engano da situación. Morgana, a súa sobriña, cabalga libremente sen que lle preocupen nin a roupa nin os adobíos nin o que poidan pensar dela. Sabia e decidida, esta moza é quen de xestionar con sinceridade o que sente por Artur, criado baixo a controladora vixilancia dun mago non tan sabio como tradicionalmente se nos fixo crer.

A acertada mirada retrospectiva sobre a traxectoria vital dos principais personaxes do ciclo da materia de Bretaña permítelle á autora desta singular narración contarnos a súa versión, a nosa versión. O peso da culpa fomentada pola «nova relixión» –hoxe xa non tan «nova»– serve para explicar a busca do Santo Graal ou o esmorecemento de festas e banquetes.

A novelista que non se contenta con este intenso exercicio literario, aborda tamén a recreación cunqueiriana do tema. Xa ancián, instalado en Esmelle, Merlín e o seu paxe Felipe de Amancia reciben a visita dunha Morgana que altera a tranquila vida do pazo. Mentres Xenebra borda sen cesar coas súas pálidas e delicadas mans, tal e como nos ensinara o contista de Mondoñedo, don Merlín esfórzase por manter separadas as dúas mulleres enfrontadas. A sabedoría e a astucia de Morgana provocan

a reunión final, a conversa e a revisión de vellas xenreiras. Xenebra e Morgana igualadas e conscientes da manipulación masculina, acordan a fraternal unión que as fará finalmente fortes e libres.


A reformulación dos mitos clásicos e o necesario cuestionamento que chegan até nós a través das mans e das sensibilidades masculinas e os enganos aos que temos sido sometidas as mulleres revisados pola pluma áxil dunha escritora que xa nos sorprendera coa súa novela anterior.

Parabéns e grazas a Begoña, pola lección! ■

Filmes

Zambie: à qui profite le cuivre ?

(Zambia: quen tira proveito do cobre?)



LAURA GÓMEZ LORENZO

Ficha técnica:

Título: *Zambie: à qui profite le cuivre ?*

Investigación: Alice Odiot

Montaxe: Audrey Gallet, coa participación de Stéphane Horel

Son: Guillaume Le Braz e David Sevag

Música orixinal: Marc Nammour

Coa voz de: Caroline Senné

Duración: 52 minutos

Producción: Yami 2

Participación: France Télévisions

Resumo

En maio de 2011, a máis poderosa sociedade de negocio de materias primas, Glencore, saca unha parte do seu capital ás bolsas de Londres e Hong-Kong, rompendo con trinta e sete anos de tradición do segredo. A multinacional espera así obter entre 9 e 11 millóns de dólares. É a terceira máis grande introdución na Bolsa realizada en Europa.

O xigante suízo, primeiro fornecedor de cobre do mundo, explota o *ouro vermello* de Zambia. A mina de Mopani constitúe a súa máis importante fonte directa de cobre. Porén, despois de dez anos, é deficitaria e xa non paga impostos dos seus beneficios a Zambia, un dos países máis pobres do planeta. O método de extracción, financiado con fondos de axuda ao desenvolvemento, é eficaz, mais extremadamente perigoso e contaminante.

Un grupo de habitantes de Mopani escolleu plantarlle cara, queren denunciar a Glencore e poñer fin á contaminación que estraga a súa vila. Savior Mwambwa, un economista zambiano, e unha activista francesa queren axudarlles a recoller as probas que permitan a apertura dun proceso. Ao longo da súa investigación, de Suíza a África, conseguiron probar unha evasión fiscal grande escala. En abril de 2011, cinco ONGs abren un proceso contra Glencore por violación dos principios da OCDE.

As xornalistas Audrey Gallet e Alice Odiot recibiron o pasado 23 de maio, durante unha cerimonia no Senado francés, o Premio Albert Londres 2012, na categoría de xornalismo audiovisual,¹ polo seu documental titulado *Zambie: à qui profite le cuivre ?*, producido por Yami 2 e difundido na canle de TV France 5 en xuño de 2011.

Esta distinción, considerada como a máis alta recompensa para o xornalismo francés, foi creada en 1933 por Florise Martinet-Londres á memoria do seu pai, poeta, escritor e xornalista desaparecido o 16 de maio de 1932 no naufraxio no mar Vermello do transatlántico *George Philippar*, que o traía de China. Fora como enviado do por entón moi lido *Petit Journal* a Xangai coa misión de investigar acerca da corrupción naquela sociedade. Florise Martinet-Londres legou todos os seus bens á Asociación do Premio Albert Londres, recoñecida de utilidade pública, coa fin de perpetuar a recom-

pensa anual que se concede a un/unha xornalista francófono/a de menos de 40 anos, polo mellor traballo publicado na prensa escrita. A partir de 1985 engadiuse outro galardón asignado ao campo audiovisual, no que compiten documentais e películas de información difundidas indistintamente en cine, en televisión ou na rede. O lema do certame é: «O noso papel non é o de estar a favor ou en contra, é o de dirixir a pluma cara á chaga».

Na edición de 2012, o Albert Londres estivo dedicado a Gilles Jacquier, reporteiro de France 2, vítima dun bombardeo en Siria. Jacquier fora distinguido precisamente con este premio en 2003, xunto con Bertrand Coq, pola

¹ Entre as 41 candidaturas presentadas este ano, os 23 membros do xurado elixiron, en prensa escrita, ao reporteiro Alfred de Montesquiou polas súas reportaxes en Siria e Libia, cubrindo as revolucións da primavera árabe para *Paris Match*.

Na edición de 2012, o Albert Londres estivo dedicado a Gilles Jacquier, reporteiro de France 2, vítima dun bombardeo en Siria. Jacquier fora distinguido precisamente con este premio en 2003

As xornalistas Alice Odiot (esquerda) e Audrey Gallet



súa reportaxe sobre Nablus (Cisjordania) durante a segunda intifada. A canle France 24 sinalaba que durante a entrega dos premios, Abdou Diouf, presidente da Francofonía (Organización Internacional da Francofonía, que agrupa os países que teñen na lingua francesa un nexo de unión cultural), desexaba que o premio se ampliase a todos os países francófonos.

O documental de Audrey Gallet e Alice Odiot relata a explotación, en todos os sentidos do termo, do *ouro vermello*, e especialmente dunha das máis importantes fontes de aprovisionamento en cobre do mundo, Zambia, considerado un dos países máis pobres do planeta.


As dúas xornalistas puxeron soas en marcha o seu proxecto, antes de convencer a un produtor de que ían continuar o seu traballo. A reportaxe mostra como a máis poderosa sociedade suíza do negocio das materias primas (a primeira empresa suíza, por diante da

Nestlé), Glencore, principal fornecedora de cobre no mundo, extrae o metal en Zambia cun método extremadamente perigoso.

Alice Odiot, de 36 anos, contaba nun artigo recollido no diario católico francés *La Croix*,² as condicións da rodaxe. Para realizar esta investigación partiron dunha simple constatación: os fondos europeos de axuda pública reservados á loita contra a pobreza en África terminan ás veces nas caixas das multinacionais como Glencore que extraen materias primas nos países como Zambia con destino a Occidente. Xa situadas no país africano en 2009, sen contar aínda coa participación de canles de

² CARASCO, Aude: «Alice Odiot: 'Être deux filles jeunes a facilité notre enquête'», *La Croix*, 25/5/2012, en: http://www.la-croix.com/Actualite/S-informer/Monde/Alice-Odiot-Etre-deux-filles-jeunes-a-facilite-notre-enquete-_NG_-2012-05-25-810640

O documental de Audrey Gallet e Alice Odiot relata a explotación, en todos os sentidos do termo, do *ouro vermello*, e especialmente dunha das máis importantes fontes de aprovisionamento en cobre do mundo, Zambia



televisión, recibiron a axuda de ONGs. Grazas ao economista Savior Mwambwa, da ONG local Centro para a Política Comercial e o Desenvolvemento, identificaron unha mina de Glencore que podía ilustrar o desequilibrio das relacións Norte-Sur.

Permaneceron un mes e medio no lugar en condicións de traballo difíciles. Foron arrestadas pola Policía e molestadas continuamente, malia teren autorización para gravar. Pero declara que o feito de seren mulleres e mozas desactivou situacións de conflito, porque as mozas parecen inofensivas! Volveron un ano máis tarde e todo foi mellor.


Indican que a súa vitoria é que o documental fixo evolucionar a situación, porque aportaron probas que permitiron facer unha denuncia en Zambia no ámbito medio ambiental. O proceso segue en curso, mais desde marzo de 2012 a extracción do cobre ao ácido está prohibida. Cinco ONGs elaboraron un dossier por evasión fiscal contra Glen-

core e por violación dos principios das convencións da OCDE e isto deu lugar a una negociación co novo Goberno zambiano que demandou á sociedade o pagamento das taxas non satisfeitas. Os eurodeputados firmaron unha moción sobre o financiamento das industrias extractivas pola Banca Europea de Inversións, non concedendo ningún crédito máis a Glencore, así como normas máis esixentes que non contemplan este tipo de inversións.

Ámbalas dúas reporteiros expresaron a súa intención de continuar traballando xuntas nas relacións Norte-Sur. Parabéns por este exercicio de xornalismo independente e responsable!

Para quen entenda francés, *Zambie: à qui profite le cuivre ?* está colgado enteiro en: <http://vimeo.com/25000940> ■

Permaneceron un mes e medio no lugar en condicións de traballo difíciles. Foron arrestadas pola Policía e molestadas continuamente, malia teren autorización para gravar





anda!na

revista galega de pensamento feminista

PUNTOS DE VENDA

■ A Coruña

Librería Couceiro. *Praza do Libro, 12*
 Librería Xiada. *Avd. de Fisterra, 76-78*
 Librería Lume. *Rúa Fernando Macías*

■ Pontevedra

Librería Paz. *Peregrina, 29*

■ Santiago

Librería Couceiro. *Praza de Cervantes, 6*
 Baba. *Área Central*
 Ártico. *Rúa do Vilar, 49*
 Lila de Lilith. *Rúa Travesa, 7*

■ Lugo

Librería Trama. *Avd. da Coruña, 21 (galerías)*

■ Ourense

Livraria Torga. *Rúa da Paz, 12*

>> Blog con noticias e comentarios en:
<http://revistandaina.wordpress.com/>

>> Busca de artigos e consulta de números anteriores en:
<http://www.andainamulleres.org/>

PUBLICIDADE

Assesoría Turística
AQUANOVA
viajes

Benito Corbal. 16
986 850 086 (4 líneas). Pontevedra

CARTELES
Café

Rúa do Sol, 139-141
Tel: 35 31 66 Ferrol

BOLETÍN DE SUBSCRIPCIÓN

anda!na

revista galega de pensamento feminista

Nome Apellidos

Enderezo Localidade

..... Código Postal

Desexo subscribirme á Revista **Andaina** a partir do nº

Prezo: *Tarifa normal* 25 € ano *Tarifa de apoio* 30 € ano

Envío talón. Pago en efectivo Data

Transferencia bancaria á cta. de Andaina Bco/Caixa

(Caixa Galicia CCC: 2091037774304003301) Oficina

Domiciliación bancaria (cubrir os datos adxuntos e Localidade

enviar a: Revista Andaina, apdo. 1058 de Santiago)

Agradeceríelles que a partir desta data atendan con cargo a miña conta Nº CCC:

Entidade Oficina

Dc Nº de conta

Os recibos presentados pola revista **Andaina**.
 Atentamente:

Nome Apellidos

Sinatura do/a titular da conta:

..... **PODES ATOPAR O BOLETÍN EN www.andainamulleres.org**

NADA NOS INTERESA
 MÁIS QUE O GALEGO.
 NIGUÉN NOS INTERESA
 MÁIS CA TI

ASÓCIA-TE

A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
 Campo do Cruceiro do Gaio, 7 - 1º - 15705 Santiago de Compostela - Telf 981 56 38 85 / www.amesant.org

Nome:
 Apelidos:
 Enderezo:
 C.P.: Localidade:
 Telf:

Cuota anual: | 30,05 euros.
 | 12,02 euros. Estudiantes e parados

Caixa/Banco Sucursal DC
 c/c lo libreta de aforro
 Nome da entidade:
 Enderezo:

Descoñécese a data exacta do seu nacemento, pero suponse que puido ter vivido por volta do ano 1050 en Salerno, ao sur de Nápoles. Naquela altura, a cidade italiana era un importante centro de intercambio comercial onde se conxugaban con naturalidade os coñecementos greco-romanos coa tradición islámica e xudía.

Con toda probabilidade, Trotula era descendente dunha familia adifneirada e seguramente por iso tivo a oportunidade de formarse e acceder aos estudos de medicina. Casou co tamén médico Johannes Platearius, con quen tivo dous fillos que exerceron a medicina como os seus proxenitores.

As súas teorías non conteñen ningún tipo de doutrina moralizante e reflicten a apertura ideolóxica da escola médica na que exercía a doutora.

Durante a Idade Media Trotula foi moi coñecida en todos os países europeos e os seus tratamentos utilizábanse nas escolas de medicina máis famosas. Algúns historiadores, en particular o alemán Karl Sudhoff, empeñáronse en negar que unha muller puidese ter escrito obras tan importantes.

Trotula de Ruggero

Andando o tempo, converteuse na máis famosa das mulleres da Escola Médica Salernitiana, un centro de estudos que non só admitía ás mulleres entre os seus estudantes e profesores, senón que foi o primeiro lugar de cultura non controlado pola Igrexa e, segundo algúns estudiosos, a primeira universidade europea.

Nos seus tratados de medicina desenvolveu anovadores e meditados postulados relacionados cos campos da xinecoloxía e da dermatoloxía. En *De aegritudium curatione* ou *De ornatu mulierum* describe remedios de tipo cosmético para eliminar as engurras, para manter branca a dentadura ou para tinguir os cabelos. Ao mesmo tempo, recomenda unha dieta equilibrada, coidar a hixiene corporal e proporciona algúns consellos para mellorar o estado físico recorrendo a masaxes e baños.

Moiito máis importantes son as súas ensinanzas no eido da obstetricia. O volume titulado *De passionibus mulierum curandorum ante, in, post partum*, utilizado até finais do XIX e base dos estudos desta especialidade médica até o XVI, desenvolve as súas rigorosas ideas sobre a menstruación, a concepción, o embarazo e o parto. Trotula, que non cría que a dor do parto gardase relación co castigo divino, refírese tamén ao control da natalidade, recomenda o uso de opiáceos para mitigar as dores do parto e afirma categoricamente que non sempre son as mulleres as responsables dos problemas de concepción, sinalando que os varóns tamén poden ser os causantes.

